

PLAN DE CONVIVENCIA

IES Camilo José Cela (Padrón)

Data de aprobación en Consello Escolar: 28/06/2019
Data de aprobación en Claustro: 26/06/2019



ÍNDICE XERAL

1. INTRODUCCIÓN páx. 3
1.1. MARCO LEGAL páx. 4
2. DIAGNOSE DA CONVIVENCIA E ANÁLISE DA SITUACIÓN páx. 5
2.1. ANÁLISE DO CONTEXTO páx. 5
2.2. PERCEPCIÓN DO ESTADO DA CONVIVENCIA páx. 6
2.3. ANÁLISE DA CONFLITIVIDADE páx. 10
2.4. ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS páx. 10
3. OBXECTIVOS páx. 11
3.1. XERAIS páx. 12
3.2. PARA O ALUMNADO páx. 12
3.3. PARA O PROFESORADO páx. 13
3.4. PARA AS FAMILIAS páx. 13
3.5. PARA O PERSOAL NON DOCENTE páx. 14
4. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN páx. 14
4.1. TITORÍAS páx. 14
4.2. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN páx. 15
4.3. EQUIPO DIRECTIVO páx. 15
4.4. XUNTA DE DELEGADOS E DELEGADAS páx. 16
4.5. EQUIPO DE MEDIACIÓN páx. 17
4.6. COMISIÓN DE CONVIVENCIA páx. 17
4.7. OUTROS MECANISMOS páx. 19
5. ACTUACIÓNS PARA A CONVIVENCIA páx. 20
5.1. A EDUCACIÓN EN VALORES, NA CONVIVENCIA PACÍFICA E NAS RELACIÓNS SOCIAIS SAUDABLES páx. 20
5.2. A EDUCACIÓN EN IGUALDADE páx. 21
5.3. A CULTURA DA MEDIACIÓN E DO APOIO ENTRE IGUAIS páx. 22
5.4. A EDUCACIÓN EMOCIONAL E AFECTIVA páx. 23
6. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO páx. 24
6.1. PRINCIPIOS E ACTIVIDADES FAVORECEDORAS DA CONVIVENCIA páx. 24



6.2. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA páx. 24
6.3. CORRECCIÓN DAS CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA páx. 27
7. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR páx. 36
8. MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA páx. 38
8.1. PLAN DE ACOLLIDA páx. 38
8.2. PROGRAMA DE MEDIACIÓN ENTRE IGUAIS páx. 44
8.3. PROGRAMA DE ADQUISICIÓN DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS páx. 46
8.4. ACTUACIÓNS DIRIXIDAS A NAIS E PAIS páx. 48
8.5. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA páx. 49
9. AVALIACIÓN, DIFUSIÓN E REVISIÓN DO PLAN. INDICADORES DE LOGRO páx. 51
ANEXOS páx. 53



1. INTRODUCCIÓN

O IES Camilo José Cela é un centro de ensino secundario con xa máis de 50 anos de historia, pois as súas orixes remóntanse ao ano 1967, cando se creou o centro de ensino secundario na vila de Padrón como Colexio Libre Adoptado. Durante todo este tempo os xeitos de convivencia e o seu desenvolvemento na sociedade evolucionaron, do mesmo xeito que evolucionou o sistema de ensino, polo que é necesario establecer uns parámetros, de acordo ao marco legal e social actual, que regulen a convivencia no centro educativo.

O Plan de Convivencia é o documento que regula a convivencia escolar e, tal e como establece a *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa* no seu artigo 10.1, debe incluírse no Proxecto Educativo de cada Centro, co fin de desenvolver os fins e principios recollidos no artigo 3 da devandita lei. Entre eles menciónase explicitamente a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación entre persoas. Asemade, entre os principios informadores desta lei inclúese a prevención e tratamento de situacións de acoso escolar, a corresponsabilidade dos pais e das nais e a promoción da resolución pacífica de conflitos. O plan debe ser elaborado pola Comisión de Convivencia (ou pola dirección en caso de que non estea constituída) e aprobado polo Claustro e C. Escolar.

Xa desde o artigo 1, da *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*, na redacción dada pola *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*, se recoñecen como principios e fins da “educación aspectos básicos da convivencia escolar, tales como os citados no apartado k): a educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial do acoso escolar”. No apartado l) do mesmo artigo faise referencia ao “desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”.

No artigo 11 do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*, recoñécese a importancia deste documento como vertebrador da convivencia escolar e prescribese a súa inclusión no Proxecto Educativo



do Centro. Os artigos seguintes da Sección 1ª deste decreto establecen os obxectivos, a estrutura, as actuacións e medidas, a difusión, a avaliación e a difusión do plan.

Consonte ao prescrito no artigo 121.3 da *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*, en tanto que, como xa se indicou, o Plan de Convivencia debe integrarse no Proxecto Educativo do Centro, este documento deberá facerse público co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa.

1.1. Marco legal. Normativa aplicable

- *Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.*
- *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Texto consolidado 29 de xullo de 2015.*
- *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Texto consolidado 10/12/2016.*
- *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*
- *Real Decreto 732/1995, de 5 de mayo, por el que se establecen los derechos y deberes de los alumnos y las normas de convivencia en los centros.*
- *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*
- *Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria.*
- *Orde do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.*
- *Orde do 28 de xuño de 2010, pola que se modifican parcialmente as Ordes do 1 de agosto de 1997, do 22 de xullo de 1997 e do 3 de xullo de 2000.*
- *Decreto 86/2015 do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.*
- *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*



- *Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.*

- *Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional da Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.*

- *Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.*

- *Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.*

2. DIAGNOSE DA CONVIVENCIA E ANÁLISE DA SITUACIÓN

2.1. Análise do contexto.

No que respecta ao **alumnado**, no IES Camilo José Cela cursa estudos cada ano unha media (tendo en conta o descenso da poboación do contorno nos últimos anos) que oscila entre 230 e 270 mozos e mozas de entre 12 e 18 anos. No curso 2018-2019, estaban matriculados 112 homes (49%) e 115 mulleres (51%).

Tal e como se recolle no PEC do centro, o alumnado procede nun 80% do medio rural, tanto das parroquias dos concellos da bisbarra (Herbón, Carcacía, Iria...) como, nalgúns casos, e especialmente no Bacharelato, de concellos próximos como Rois, Dodro, Cesures, Valga ou, mesmo, Rianxo. A maioría desprázase ao centro nalgunha das liñas do transporte escolar, aínda que os/as residentes na vila acostuman a desprazarse a pé dada a céntrica situación das instalacións.

O alumnado do IES Camilo José Cela procede, nos cursos da ESO, na súa maioría do CEIP Flavia –centro adscrito–, aínda que tamén se matriculan alumnos e alumnas procedentes do outro colexio do casco urbano, o CEIP Rosalía de Castro. Nos cursos de Bacharelato –aínda que esporadicamente tamén en cursos de ESO– é onde máis se manifesta a presenza de mozos e mozas que proveñen dos concellos veciños, pois acoden a completar os seus estudos desde os CPI próximos de Dodro, Rois ou Cesures.

O alumnado que cursa os seus estudos no IES Camilo José Cela é bastante homoxéneo socioculturalmente. Como xa se indicou, é de procedencia maioritariamente rural e dun nivel sociocultural medio. A inmensa maioría procede do concello ou



concellos da bisbarra e, nos últimos anos, hai un moi pequeno número de alumnos e alumnas que proceden doutros países, como Venezuela ou Romanía.

O **profesorado** do IES Camilo José Cela está integrado habitualmente nos últimos anos por arredor de 30 - 32 docentes. O equipo docente con destino definitivo supón 80% do total, do que un 68% son profesoras e un 32% profesores. A media de idade é de 51 anos.

O **persoal non docente** está composto maioritariamente por mulleres. Hai dúas conserxes, dúas administrativas, dúas limpadoras e un limpador. A idade media deste colectivo é de 50 anos.

En canto ás **familias** do centro, é destacable que a gran maioría das familias do centro manteñen unha estrutura de familia tradicional: o 67% das familias do centro conviven os dous proxenitores cos fillos e fillas, mentres que o 31% son fogares en que os proxenitores están separados ou conviven con outra parella. O 2% restante son familias monoparentais.

2.2. Percepción do estado da convivencia.

Para a realización da diagnose previa que levou a establecer o estado da convivencia no centro, a comisión de convivencia, en colaboración co grupo de profesorado que se integrou no PFPP de convivencia, mediación e igualdade que se desenvolveu no centro no bienio 2017-2019, deseñaron unhas enquisas. Estas foron enviadas por correo electrónico aos sectores que conforman a comunidade educativa, excepto ao alumnado, que as cubriu presencialmente en horas de titoría e garda.

As porcentaxes de resposta ás enquisas foron as seguintes:

Alumnado: contestou o 86,7%

Profesorado: contestou o 80,6%

Familias: contestou o 20,7%


Persoal de administración e servizos: contestou o 100%

Os **principais feitos contrastados**, logo da análise das enquisas realizadas, son as seguintes:

a) Todos os colectivos do centro **valoran como positivo nunha alta porcentaxe o estado da convivencia** no IES. Destaca entre o colectivo de alumnado o que manifesta que nunca ou case nunca foi obxecto de agresións, insultos, illamentos ou roubos, como se pode comprobar no seguinte gráfico (Gráfico 1):




1. Sinala se alguén che fixo algunha das seguintes cousas



Outro indicador importante é a gran cantidade de familias que valorou a calidade da convivencia no IES Camilo José Cela á hora de escoller este centro para as súas fillas e os seus fillos (Gráfico 2):

1. Valorou a calidade da convivencia ao mandar ao IES Camilo José Cela os seus fillos ou as súas fillas


47 respostas



A valoración da convivencia é moi alta entre o profesorado (Gráfico 3) e percíbese de xeito igualmente positivo, aínda que nun grao non tan alto, entre o persoal non docente (Gráfico 4):

1. Consideras que, con carácter xeral, a convivencia no IES Camilo José Cela é...


25 respostas





1. Como consideras, con carácter xeral, a convivencia no IES Camilo José Cela?


7 respostas




b) En canto ás **principais condutas ou actos contra a convivencia no centro**, as enquisas deixan claro que predominan as interrupcións menores (molestar na clase, pequenos conflitos e pelexas, ensuciar...) fronte a outros maiores como roubos, estragos ou consumo de substancias. Os resultados coinciden entre o alumnado (Gráfico 5) e, tamén, na percepción das familias (Gráfico 6):

8. Cales son os principais conflitos entre vós (Marca os dous máis frecuentes)

179 respostas



4. A través do(s) seu(s) fillo(s) ou da(s) súa(s) filla(s), ten información acerca de feitos entre o alumnado como os seguintes?






c) Respecto ás **normas de convivencia e á integración no centro**, hai unha maioría de respostas que indican que son coñecidas e divulgadas (58,9%), se ben unha porcentaxe considerable de alumnado afirma que non lle foron explicadas (27,1%). Polo que se refire ás *correccións e sancións*, hai unha maior diversidade (Gráfico 7):

7. As correccións que se poñen no centro son...


194 respostas



Con carácter xeral, o alumnado declara que foi correctamente informado e acollido á súa chegada ao centro (Gráfico 8):

10. Cando chegaches ao centro sentiches que recibías toda a información e atención necesaria para integrarte?

167 respostas



d) En canto ás principais **suxestións** que se rexistran na enquisa, as máis repetidas son as seguintes:

- Medidas disciplinarias máis duras: menciónase 13 veces.
- Aumentar o control no patio e/ou corredores: cítase 8 veces.
- Máis diálogo, comunicación e/ou información: citado 8 veces.
- Recorrer ás mediadoras e aos mediadores: mencionado 7 veces.
- Máis igualdade de trato: citado 6 veces.
- Máis respecto por parte de profesorado e/ou alumnado: citado 4 veces.
- Mellorar as instalacións: mencionado 3 veces.



2.3. Análise dos rexistros da conflitividade.

Para a análise da conflitividade no centro imos centrarnos nos datos que posuímos dos tres últimos cursos.

No que respecta ao **curso 2016-2017**, rexistráronse un total de 82 *partes* por faltas leves, que tiveron como consecuencia, pola súa acumulación en determinado alumnado, medidas como 10 expulsións do centro, cunha duración de un a tres días. En canto aos procedementos correctores, tan só se instruíu un.

No **curso 2017-2018**, houbo 71 partes de amoestación por faltas leves. O número de expulsións foi de 8. Non se instruíu ningún procedemento corrector.

No que respecta ao **curso 2018-2019**, rexistráronse 111 partes de amoestación e 16 expulsións. Non se instruíu ningún procedemento corrector.

2.4. Actuacións desenvolvidas.

Entre as actuacións destacables no eido da convivencia no IES Camilo José Cela nos últimos tempos debemos destacar as seguintes:

a) *Estruturação do centro en aula-materia*. Desde o curso 2006-2007 o centro carece de grupo clase e o alumnado desprázase á aula de cada materia para recibir a docencia correspondente. Un dos criterios que se considerou para esta organización do centro foi a contribución á mellora na convivencia que esta medida podería ter. Consideramos útil esta medida para a convivencia, xa que, desde a adopción da aula-materia, reducíronse os estragos nas aulas, mellorouse a puntualidade e a dilixencia en acudir ás aulas e contribuíse a unha mellor socialización entre alumnado de diferentes idades e niveis.

b) *Realización das gardas en aula na ESO*. Desde o curso 2017-2018 tomouse como norma a realización de gardas en aula, evitando a estancia de alumnado noutras dependencias do centro en horario lectivo. Esta medida resultou efectiva para mellorar a atención do alumnado, o aproveitamento de tempo lectivo e para a diminución do ambiente ruidoso no centro.



c) *Creación do recuncho violeta.* Este espazo, situado na planta baixa do centro, moi visible e accesible ao alumnado, creouse no curso 2018-2019 e nel se pretende visibilizar a problemática referente á muller e á igualdade de xénero mediante a exposición de materiais informativos sobre este tema e a reflexión sobre eles. Esta medida contribuíu decisivamente a que o alumnado tome conciencia da necesidade de promover a igualdade de sexos e da loita activa para conseguir este obxectivo.

d) *Desenvolvemento de obradoiros de educación socio-emocional.* Nos últimos cursos mantívose unha colaboración habitual cunha técnica do Concello de Padrón para a realización deste tipo de obradoiros como complemento ás sesións de titoría na ESO. Estas actuacións resultaron moi positivas para desenvolver as competencias socio-emocionais.

e) *Desenvolvemento de charlas para concienciar sobre o acoso, o uso das novas tecnoloxías ou as drogas.* Véñse colaborando regularmente con diferentes organismos, especialmente a Garda Civil a través do seu *Plan Director para la Convivencia y Mejora de la Seguridad en los Centros Educativos y sus Entornos*, para o desenvolvemento de encontros que conciencien o alumnado sobre estes temas sensibles.

f) *Formación en convivencia e mediación.* Nos cursos 2017-2018 e 2018-2019 o centro desenvolveu un Plan de Formación Permanente do Profesorado centrado na liña “Convivencia escolar e clima da aula. Centros saudables. Relacións coas familias”. Este plan estruturouse en varios cursos e seminarios desenvolto ao longo dos dous anos: no primeiro ano fíxose fincapé na formación en mediación e na creación do servizo de mediación no centro; no segundo ano rematouse de formar mediadores e mediadoras e completouse cun curso de formación en igualdade de xénero. Esta iniciativa foi fundamental para desenvolver a cultura da mediación no centro, para consolidar un grupo estable de traballo en convivencia e igualdade e para fomentar a conciencia de educar en igualdade entre o profesorado.

3. OBXECTIVOS

O presente documento actualízase conforme aos principios informadores e fins recollidos no artigo 3 do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*



3.1. Obxectivos xerais.

- a) Regular a convivencia no centro, fomentando que esta sexa harmónica, igualitaria e saudable entre todos os membros da comunidade educativa.
- b) Promover os valores e os dereitos fundamentais propios dunha sociedade democrática moderna e igualitaria entre homes e mulleres.
- c) Velar pola igualdade de trato e de oportunidades entre as persoas, así como pola non discriminación.
- d) Pór instrumentos e crear dinámicas ao servizo da equidade, da solidariedade e da xustiza social.
- e) Fomentar a convivencia pacífica, desenvolvendo estratexias de relacións sociais saudables.
- f) Implantar a cultura do diálogo, da mediación e da resolución pacífica de conflitos.
- g) Establecer dinámicas de implantación e mellora das normas de convivencia do centro.
- h) Dar a coñecer os dereitos e deberes de toda a comunidade educativa.
- i) Establecer pautas de acollemento e integración para todas as persoas da comunidade educativa.

3.2. Obxectivos específicos para o alumnado.

- a) Regular a convivencia entre o alumnado, fomentando que esa sexa harmónica, igualitaria e saudable entre todos os seus membros.
- b) Fomentar dinámicas de respecto e axuda mutua, así como de apoio e tolerancia entre iguais.
- c) Establecer pautas de comportamento comúns desde o respecto e a aceptación dos demais.
- d) Dar a coñecer os dereitos e deberes do alumnado e establecer estratexias para o seu respecto e cumprimento.
- e) Concienciar sobre a necesidade de asumir unhas normas de convivencia que regulen a vida en común no centro educativo.
- f) Desenvolver a cultura da mediación, da igualdade e da non discriminación.



g) Facilitar a integración do novo alumnado que se incorpore ao centro, tanto o que comeza cada ano a etapa de ESO ou Bacharelato como o que se incorpora de xeito extraordinario ou temporal.

3.3. Obxectivos específicos para o profesorado.

a) Establecer espazos e dinámicas de colaboración, encontro e diálogo entre o profesorado.

b) Apoiar o profesorado na xestión da convivencia e proporcionar estratexias para mellorar o ambiente nas aulas e no resto das dependencias do centro.

c) Fomentar entre o profesorado a xestión da convivencia nas aulas desde posicións democráticas e dialogantes.

d) Dar a coñecer os dereitos e deberes do profesorado e concienciar da necesidade do seu respecto e cumprimento.

e) Impulsar formulacións e propostas didácticas centradas na mellora da convivencia e da igualdade.

f) Fornecer ferramentas de loita contra calquera tipo de maltrato, discriminación e acoso no centro educativo.

g) Facilitar a integración do profesorado novo, tanto o que chega con destino definitivo ao centro como o que se incorpora provisionalmente por un curso ou o que debe substituír a algún docente polo período de tempo que sexa.

3.4. Obxectivos específicos para as familias.

a) Desenvolver iniciativas de traballo en convivencia para pais e nais.

b) Fomentar a implicación das familias na vida do centro e na cultura da convivencia pacífica.

c) Establecer acordos para un traballo educador común en que toda a comunidade educativa comparta valores de responsabilidade, tolerancia, igualdade, respecto e non discriminación.

e) Dar a coñecer os dereitos e deberes das familias e concienciar da necesidade do seu respecto e cumprimento.



f) Dar a coñecer as normas de convivencia, os programas de igualdade, o protocolo de mediación e todos os recursos de que dispón o centro para a xestión da convivencia.

g) Mellorar as canles de comunicación entre as familias e os axentes do centro educativo, tanto os seus órganos de goberno e coordinación docente, como os distintos colectivos profesionais que desenvolven nel a súa actividade.

3.5. Obxectivos específicos para o persoal non docente.

a) Establecer dinámicas de encontro, colaboración e respecto mutuo entre o persoal non docente.

b) Valorar o traballo do persoal non docente e a súa contribución á mellora da convivencia no centro.

c) Dar a coñecer os dereitos e deberes do persoal non docente e concienciar da necesidade do seu respecto e cumprimento.

d) Dar a coñecer as normas de convivencia, os programas de igualdade, o protocolo de mediación e todos os recursos de que dispón o centro para a xestión da convivencia.

e) Desenvolver dinámicas de comunicación activa e igualitaria entre o persoal non docente e o resto de colectivos que desempeñan o seu labor profesional no centro.

4. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

4.1. Tutorías.

As tutorías son un elemento esencial para o coidado e a mellora da convivencia. Como establece o artigo 58 do *Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria*, a tutoría e a orientación do alumnado forman parte da función docente. As funcións do profesorado titor están recollidas no artigo 59 do mesmo decreto. As accións concretas e a súa secuenciación establécense no *Plan de Acción Titorial* do centro.

A figura do/ titor/a é fundamental para a convivencia e dentro das súas funcións recóllense varias relacionadas con este eido.



A coordinación do profesorado titor será levada a cabo pola Xefatura e Estudos. Nos aspectos máis relacionados coa convivencia será o Departamento de Orientación quen asesore as titorías e convoque as correspondentes reunións, especialmente a reunión inicial de comezo de curso. A Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación xestionarán, ademais, a información relevante para establecer estratexias de convivencia que se considere necesario proporcionar ao profesorado titor.

4.2. Departamento de Orientación.

A composición do Departamento de orientación detállase no artigo 3 do *Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional da Comunidade Autónoma de Galicia*. No artigo 6 deste decreto establécense as competencias do departamento e no artigo 7 as funcións da xefatura do mesmo.

O Departamento de Orientación terá un papel principal no coidado e a xestión da convivencia no IES Camilo José Cela, seguindo as propias competencias do departamento recollidas no artigo 6 do decreto citado, especialmente no referente á atención e orientación vocacional do alumnado, ao apoio á resolución de conflitos e á cooperación entre o centro e as familias.

Ademais, e segundo se especifica máis abaixo, o departamento de orientación do IES Camilo José Cela asumirá as seguintes competencias:

- a) Asumir a responsabilidade principal na atención da aula de convivencia.
- b) Realizar o desenvolvemento e implantación do programa de habilidades sociais.
- c) Coordinar e asesorar actuacións individuais e grupais que teñan que ver coa convivencia, perante situacións que afecten a alumnado individual ou a grupos, a requirimento da Xefatura de Estudos e da dirección do centro.

4.3. Equipo directivo.

As funcións do equipo directivo no referente á convivencia escolar están recollidas no artigo 8 do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*. As funcións específicas para o IES Camilo José Cela,



están recollidas no apartado 2.1.1 das *Normas de organización, funcionamento e convivencia do centro* (NOFC).

En canto á xestión da convivencia, a implicación do equipo directivo do centro será constante a través de todos os seus membros e servirá, dentro do ámbito competencial de cada cargo, de eixo organizador de todas as accións que se leven a cabo neste sentido. É moi relevante o papel primordial da Xefatura de Estudos, como órgano máis cercano á organización académica e disciplinaria da actividade do centro. Por outra parte, a vicedirección terá tamén unha forte implicación, pola relevancia do eido das actividades complementarias e extraescolares nos temas de convivencia. No IES Camilo José Cela, ademais, a persoa que ostenta a vicedirección na actualidade é, asemade, a persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real de homes e mulleres.

O equipo directivo será a estrutura máis executiva e decisiva en relación á convivencia. Terá o poder decisorio na posta en marcha de medidas organizativas e académicas pero, ademais, será un axente dinamizador das accións e haberá sempre un ou varios membros implicados nas iniciativas que se desenvolvan, incluído o nivel formativo.

4.4. Xunta de delegados e delegadas.

A Xunta de delegados e delegadas é o organismo que agrupa os e as representantes do alumnado. É, polo tanto, a estrutura máis próxima ao alumnado e integrada exclusivamente polos seus / súas representantes.

A lexislación sobre as xuntas de delegados/as figura no Título V do *Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria*. No punto 2.2.3 das *NOFC do centro* establécese que esta xunta estará integrada polos delegados e delegadas de cada curso (ou os subdelegados e as subdelegadas cando non poidan asistir os/as primeiros/as) e polos representantes do alumnado no Consello Escolar.

A Xunta de delegados e delegadas, como o organismo do centro que agrupa os e as representantes do alumnado, é a estrutura máis próxima ao alumnado e está integrada exclusivamente por este colectivo. No IES Camilo José Cela deberase asegurar a representación equilibrada de mozos e mozas dentro desta xunta, para o que os titores e



as titoras deberán promover a presenza de, como mínimo, unha candidata feminina a delegada en cada grupo.

A Xunta de delegados e delegadas posúe, entre outras, as funcións de "elevar ao equipo directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo do instituto por iniciativa propia ou por petición daquel" e "elaborar propostas de modificación do regulamento de réxime interior, dentro do ámbito da súa competencia". Dentro destas propostas deberán contarse as que se presenten en relación coa mellora da convivencia. Ademais, en relación coa xestión da convivencia, a xunta de delegados servirá de enlace entre o alumnado e a dirección do centro, a través da Xefatura de estudos. A xunta de delegados e delegadas poderá ser consultada, ademais, de cara á implementación de medidas ou actividades relacionadas coa convivencia e que afecten ao alumnado, ben directamente en reunións extraordinarias ou ben indirectamente a través do alumnado representante no Consello Escolar.

4.5. Equipo de mediación.

Desde o curso 2018-2019 funciona un Servizo de Mediación entre Iguais no IES Camilo José Cela. Para a creación deste servizo foi necesaria a formación dun grupo de alumnado no marco do *Plan de formación* que desenvolveu o profesorado do centro no bienio 2017-2019. A formación tivo como resultado a creación dun grupo de 8 alumnos e alumnas que actuarán de mediadores/as por parellas en cada caso.

O equipo de mediación estará coordinado pola persoa coordinadora de mediación, cargo que irá unido ao de Dinamizador/a de convivencia. Esta persoa será a que recolla as solicitudes dos casos de mediación, ben directamente ou a través do profesorado, os tutores e as titoras ou o equipo directivo. Ademais, encargarase de seleccionar as persoas mediadoras para cada caso e organizar o horario das sesións de mediación e velar polo seu desenvolvemento. Será tamén competencia da persoa coordinadora de mediación levar un rexistro dos casos, colaborar no seguimento e respecto dos acordos e velar pola correcta cumprimentación da documentación.

Este equipo terá asignado o espazo da Aula de Mediación, situada no segundo andar do edificio, onde se realizarán as sesións de mediación e as reunións do equipo.

4.6. Comisión de Convivencia.



A Comisión de Convivencia é o órgano consultivo que se constitúe no seo do consello escolar do centro e, por delegación deste, terá as funcións que se recollen no artigo 6 do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*. A comisión de convivencia do IES Camilo José Cela constitúese en Consello escolar o 4 de decembro de 2018, logo das eleccións para a renovación parcial deste órgano de goberno.

Ademais das indicadas no decreto citado, a comisión de convivencia do IES Camilo José Cela terá as seguintes funcións:

- a) Analizar os casos de faltas graves e asesorar sobre o tipo de procedemento corrector (ordinario ou conciliado) ou procedemento de mediación que se instrúa.
- b) Propoñer o alumnado integrante do equipo de mediación e o deseño da súa formación.
- c) Coñecer os conflitos que se rexistren no centro e, de ser o caso, emitir informes ou asesorar a Xefatura de Estudos ou a propia Coordinadora de Convivencia.
- d) Propoñer ao claustro e ao equipo directivo accións ou programas formativos que se relacionen coa convivencia escolar.
- e) Coñecer a composición da Xunta de delegados e delegadas do centro, establecer canles de comunicación e propoñer actividades para a súa formación.
- f) Participar na avaliación do Plan de Convivencia e realizar propostas de mellora.

A comisión de convivencia do IES Camilo José Cela constituíuse o día 4 de decembro de 2018, na sesión en que se fixo o acto de constitución do Consello Escolar do Centro logo das Eleccións para a renovación parcial celebradas en novembro de 2018. As/Os **compoñentes da comisión de convivencia** son:

- Emilia Domínguez Millán (*Dinamizadora de Convivencia*)
- José García Rey (*Xefe de estudos*)
- Manuel González Alvarellos (*Director*)
- María Xesús Senín Fernández (*Vicedirectora e persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real de homes e mulleres*)
- Mar Sobrido Carro (*Orientadora*)
- Belén Cerqueiras Raris (*Representante de alumnas e alumnos*)
- María del Carmen Eiras Iglesias (*Representante de nais e pais*)



A comisión de convivencia estará presidida pola persoa Dinamizadora de Convivencia, que actuará de secretaria, realizará as convocatorias e levantará acta das reunións e dos acordos tomados. No IES Camilo José Cela, a persoa que desempeñe as funcións de Dinamizador/a de Convivencia será tamén a persoa Coordinadora do Servizo de Mediación.

A Comisión de Convivencia reunirse, preferentemente, unha vez ao trimestre, reunións das que se levantará acta. Os compoñentes da comisión serán convocados preferentemente por correo electrónico, enviado desde o correo corporativo do centro.

A memoria final da Comisión de Convivencia será redactada polo/a Coordinador/a de Convivencia do centro e supervisada pola dirección.

4.7. Outros mecanismos.

Á parte dos organismos mencionados, outras estruturas máis ou menos fixas no organigrama do centro poden ter un papel relevante na xestión da convivencia. As **Xuntas de Avaliación**, que se reúnen preceptivamente cada trimestre nas sesións ordinarias de avaliación, poden ser convocadas de xeito extraordinario, xeralmente por iniciativa do/a titor/a. Estas reunións adoitan ter unha motivación relacionada estreitamente coa xestión da convivencia, obedecendo na maioría dos casos a motivos como a acollida de alumnado novo ou a toma de decisións sobre algún caso que afecte ao desenvolvemento normal das aulas.

O **Alumnado Axudante** cada vez está tomando máis relevancia no IES. En primeiro lugar comezouse con iniciativas non directamente relacionadas coa convivencia, como é o caso do alumnado axudante da biblioteca ou voluntarios na biblioteca (a través a iniciativa do Programa Bibliotecas Solidarias). Posteriormente se comezou a pór en práctica a axuda temporal de alumnado para favorecer a adaptación e acollida de novos alumnos e alumnas ou para, en casos puntuais, servir de apoio a outros/as por problemas concretos (inadaptación, traslado). Co alumnado máis novo do centro tamén se puxeron en práctica estratexias de colaboración ao comezo de curso, para contribuír á doada familiarización coas instalacións ao comezo do curso escolar.

O que podemos denominar **Grupo de Igualdade** funcionou nos últimos cursos no centro e foi integrado polo profesorado que participou no Plan Permanente de Formación do Profesorado na liña Convivencia escolar e clima da aula. Centros



saudables. Relacións coas familias”. Este grupo desenvolveu iniciativas que transcenderon a pura formación relacionada co curso e serviu de elemento aglutinador de esforzos en favor da construción da boa convivencia e igualdade no centro.

5. ACTUACIÓNS PARA A CONVIVENCIA

Polo que se refire ás accións concretas sobre a convivencia no IES Camilo José Cela imos distinguir catro grandes liñas de actuación que as engloben.

5.1. A educación en valores, na convivencia pacífica e nas relacións sociais saudables.

Nesta liña xeral de actuación incluiremos *medidas organizativas*, como a organización das gardas e titorías, *medidas preventivas* como a concienciación a través da difusión das normas de convivencia, así como o establecemento de encontros, charlas e obradoiros, e *medidas participativas*, como a implicación en iniciativas de convivencia pacífica e actividades de fomento da cultura solidaria e da paz.

Estas actuacións relaciónanse cos seguintes obxectivos mencionados nos apartados correspondentes:

- Apartado 3.1: a), b), c), d), e), f), g), h), i).
- Apartado 3.2: a), c), d), e), f).
- Apartado 3.3: a), b), c), d), f), g).
- Apartado 3.4: a), b), e), f), g).
- Apartado 3.5: a), c), d), e).

ACTUACIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Acollida de profesorado novo	■ Equipo directivo	■ Primeiros claustros e primeiros días de curso	■ Entrega de carpetas e información
■ Acollida de alumnado e familias de 1º de ESO	■ Equipo directivo	■ Primeiro día de curso	■ Realización do encontro inicial
■ Reunión coa orientadora do centro adscrito para traspaso de información e alumnado NEAE	■ Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos	■ Mes de setembro e derradeiros días do curso anterior	■ Realización dun informe sobre o alumnado
■ Carta de benvinda e presentación do profesorado titor e do D. O.	■ Departamento de Orientación.	■ Primeiros días de curso.	■ Envío e recepción da carta
■ Difusión de extractos das Normas de Convivencia entre toda a comunidade educativa	■ Equipo directivo Profesorado titor Departamento de Orientación	■ Mes de setembro e outubro	■ Coñecemento dos aspectos básicos das normas
■ Reunión de coordinación do profesorado titor co	■ Xefatura de Estudos	■ Primeiro día de curso	■ Acta da reunión



Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos			
■ Sesións de tutoría inicial en ESO e 1º de BAC	■ Profesorado titor	■ Primeiras tres semanas de curso	■ Acta de realización da sesión de tutoría inicial
■ Difusión entre o profesorado dos partes de comunicación faltas ás dúas primeiras horas de alumnado da ESO	■ Dirección	■ Primeiros días de curso	■ Cuantificación de partes cada mes
■ Análise de dereitos e deberes e concreción de normas de aula	■ Profesorado Titor e Departamento de Orientación	■ Primeiro mes de curso	■ Elaboración de normas e carteis informativos
■ Charlas a grupos de ESO e BAC sobre drogas e uso correcto das tecnoloxías	■ Departamento de Orientación e Plan Director da Garda Civil	■ Sesións nos diferentes niveis ao longo de todo o curso	■ Asistencia ás charlas
■ Constitución da Xunta de delegados e delegadas	■ Xefe/a de Estudos e Director	■ Mes de outubro	■ Acta de constitución da xunta
■ Reunións de avaliación inicial na ESO	■ Profesorado titor, Xunta de avaliación e D. Orientación	■ Segunda quincena de outubro	■ Actas da xunta de avaliación inicial
■ Actividades preparatorias para a celebración do Día da Paz con grupos da ESO	■ Equipo directivo e profesorado titor	■ Mes de xaneiro	■ Actos do Día da Paz
■ Asembleas trimestrais de aula	■ Profesorado titor	■ Despois das avaliacións trimestrais	■ Ficha coa detección de problemas, as súas causas e posibles solucións
■ Xornadas de recepción do futuro alumnado de BAC dos centros da contorna	■ Equipo directivo e Departamento de Orientación	■ Mes de febreiro	■ Acto de acollida e envío de cartas informativas
■ Xornada de recepción do alumnado de 6º de Primaria do CEIP Flavia (centro adscrito)	■ Equipo directivo e Departamento de Orientación	■ Finais do mes de marzo	■ Acto de acollida
■ Realización do acto de graduación de Bacharelato	■ Dirección	■ Finais do mes de maio	■ Realización do acto

5.2. A educación en igualdade.

Nesta liña xeral de actuación incluiremos *medidas organizativas*, que afectan sobre todo á organización e creación de espazos, *medidas preventivas*, encamiñadas sobre todo á prevención das actitudes machistas e sexistas, e *medidas participativas*, como a implicación de todos os sectores no desenvolvemento da igualdade no centro.

Estas actuacións relaciónanse cos seguintes obxectivos mencionados nos apartados correspondentes:

- Apartado 3.1: a), b), c), e).
- Apartado 3.2: a), b), c), f).
- Apartado 3.3: a), f).
- Apartado 3.4: a), c).



–Apartado 3.5: a).

ACTUACIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Formación do Grupo de Igualdade do profesorado	■ Equipo directivo	■ Primeiro mes e ao longo de todo o curso	■ Realización de reunións e actividades periódicas
■ Promoción de candidaturas femininas a delegadas de clase	■ Equipo directivo e profesorado titor	■ Primeiro mes de curso	■ Presentación de, como mínimo, igual número de candidaturas de homes e mulleres
■ Recuncho Violeta (a disposición de toda a comunidade educativa)	■ D. Orientación e Grupo de igualdade	■ Ao longo de todo o curso	■ Información e iniciativas desenvoltas nese espazo
■ Uso dunha caixa de suxestións en igualdade anexa ao espazo do Recuncho Violeta	■ Dirección e Grupo de Igualdade	■ Ao longo de todo o curso	■ Cuantificación das suxestións a final de curso
■ Actividades interdisciplinares de igualdade de xénero para todos os niveis	■ Departamentos didácticos	■ Ao longo de todo o curso	■ Realización do traballo requirido na actividade
■ Detección e fluxograma a seguir perante un caso de violencia de xénero	■ Departamento de Orientación e Equipo directivo	■ Ao longo de todo o curso	■ Realización de informes e fichas de seguimento
■ Obradoiros de sensibilización en igualdade de xénero para todos os niveis	■ D. Orientación e especialistas convidados/as	■ Segundo dos/as convidados/as	■ Asistencia aos obradoiros e enquisa
■ Charlas a grupos de ESO e BAC sobre violencia de xénero	■ Departamento de Orientación e Plan Director da Garda Civil	■ Sesións nos diferentes niveis ao longo de todo o curso	■ Asistencia ás charlas

5.3. A cultura da mediación e do apoio entre iguais.

Nesta liña xeral de actuación incluiremos *medidas organizativas*, relativas á creación do equipo de mediación, *medidas preventivas* destinadas á minimización dos conflitos e *medidas participativas*, como a implicación na cultura da mediación e en iniciativas solidarias de recollida de alimentos.

Estas actuacións relaciónanse cos seguintes obxectivos mencionados nos apartados correspondentes:

–Apartado 3.1: a), b), c), d), e), f).

–Apartado 3.2: a), b), c), f), g).

–Apartado 3.3: a), b), f).

–Apartado 3.4: b), c), f).

–Apartado 3.5: a), e).



ACTUACIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Acollida de profesorado novo	■ Equipo directivo	■ Primeiros claustros e primeiros días de curso	■ Entrega de carpetas e información
■ Apoio ao alumnado novo	■ Equipo directivo, profesorado e alumnado axudante	■ Primeiro mes de curso	■ Entrevista
■ Constitución do equipo de mediación entre iguais (entre o alumnado)	■ Dinamizadora de convivencia e mediación e Equipo directivo	■ Primeira quincena de curso	■ Acta de reunión do equipo
■ Formación de novos alumnos mediadores e novas alumnas mediadoras	■ Dinamizadora de convivencia e Equipo directivo	■ Mes de novembro	■ Certificado de superación do curso
■ Proxecto solidario (con implicación de toda a comunidade educativa)	■ Xefe do Departamento de Filosofía e alumnado axudante	■ Ao longo de todo o curso	■ Recollida de alimentos e entrega á Fundación Amigos de Galicia

5.4. A educación emocional e afectiva.

Nesta liña xeral de actuación centrarémonos en *medidas preventivas* especialmente na prevención de riscos para a saúde sexual. Tamén se establecerán medidas participativas, traballando a linguaxe emocional e os xeitos de nomear correctamente as emocións e ser capaces de expresalas e compartilas.

Estas actuacións relaciónanse cos seguintes obxectivos mencionados nos apartados correspondentes:

- Apartado 3.1: a), b), c), d), e).
- Apartado 3.2: a), b), c).
- Apartado 3.3: a), c).
- Apartado 3.4: c).
- Apartado 3.5: a), e).

ACTUACIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Actividades do PAT para o traballo emocional nas titorías da ESO	■ D. Orientación e profesorado titor	■ Todo o curso	■ Realización das actividades
■ Obradoiros socioemocionais	■ D. Orientación e Técnica do Concello de Padrón	■ Dous primeiros trimestres	■ Asistencia e memoria final dos obradoiros
■ Obradoiros de educación sexual	■ D. Orientación e especialistas convidados/as	■ Segundo a posibilidade dos/as convidados/as	■ Asistencia aos obradoiros
■ Realización de actividades interdisciplinares sobre a linguaxe das emocións	■ Profesorado colaborador	■ Todo o curso	■ Realización das actividades propostas



6. NORMAS DE CONVIVENCIA.

6.1. Principios e actividades favorecedoras da convivencia.

Un centro de ensino ten que ser un espazo onde se eduque de xeito integral, non só un centro de formación académica. No IES Camilo José Cela avógase por unha educación integral na igualdade, como se establece no noso marco legal e no PEC do centro.

En virtude do exposto no artigo 124.1 da *Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*, as NOFC dos centros deben establecer a “realización de actuacións para a resolución pacífica de conflitos con especial atención ás actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación”. Entre estas accións e actividades, que deben figurar no plan de convivencia do centro, destacaremos as seguintes:

–Desenvolvemento dun Proxecto de mediación entre iguais para a resolución pacífica de conflitos.

–Actividades programadas para as titorías, en colaboración co Concello de Padrón, baseadas na educación para a paz e a non violencia, incluíndo a prevención e tratamento da violencia de xénero.

–Fomento do respecto mutuo e dun comportamento socialmente axeitado en todos os ámbitos de actividade académica, así como nas actividades complementarias e extraescolares e na convivencia xeral do centro.

–Participación en iniciativas de colaboración social a través de accións desenvoltas en titorías e en diferentes materias.

6.2. Condutas contrarias ás normas de convivencia.

6.2.1. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Como se recolle no artigo 15 da *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia as seguintes:



a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío a autoridade do profesorado e ao persoal de administración e servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito ao honor, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar, consonte o establecido no artigo 28 da *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

l) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos, substancias ou produtos considerados perigosos cando se é requirido para iso polo profesorado.

m) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

n) O incumprimento das sancións impostas.



6.2.2. Condutas leves contrarias á convivencia.

Tendo en conta o artigo 16 da *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, considéranse condutas leves contrarias á convivencia no IES Camilo José Cela as seguintes:

a) As inxurias ou ofensas non considerados como graves: insultos, calumnias, descualificacións, alcumes e apelativos presuntamente amigables...

b) Os actos de discriminación non considerados como graves, sobre todo as alusións a diferenzas entre sexos, as referencias despectivas á orixe racial ou nacional e a falta de valoración pola orixe sociocultural ou as características físicas ou de aspecto.

c) As pequenas agresións físicas esporádicas non consideradas como graves: pequenos empuxóns, golpes ou cambadelas.

d) A desobediencia ás indicacións do profesorado ou do persoal de administración e servizos.

e) O uso de dispositivos electrónicos ou o emprego non autorizado de teléfonos móbiles.

f) A falta de limpeza e aseo, especialmente no uso das instalacións: tirar papeis, xiz, comida, bolsas ou calquera outro desperdicio.

g) Comer nas aulas, nos corredores ou en calquera outro espazo non autorizado.

h) O deterioro intencionado ou por uso negligente do material escolar: pintado de mesas e outro material, rotura de cristais, danos en equipamento informático e educativo, pequenos furtos, etc. Terase en conta especialmente neste caso o deterioro dos libros de texto pertencentes ao programa de préstamo solidario.

i) Actos de indisciplina, comportamentos ruidosos, falta de atención, ausencia do esforzo requirido, ausencia do silencio requirido ou falta da colaboración necesaria na actividade lectiva e, tamén, nas actividades complementarias e extraescolares.

l) O comportamento público impropio e desconsiderado: posturas irrespectuosas, linguaxe malsoante, carencia do necesario coidado persoal, falta de cortesía básica...

m) As actuacións prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro non consideradas como graves.

n) Portar obxectos non autorizados como dispositivos electrónicos, consolas ou xogos non educativos.

ñ) Copiar nos exames, tarefas e probas en que non se autorice o uso de material.



o) Falta de transmisión de información aos proxenitores ou titores/as legais, ou manipulación e alteración da mesma.

p) A acumulación de faltas inxustificadas de puntualidade.

q) A acumulación de faltas inxustificadas de asistencia.

r) A reiterada asistencia ao centro sen o material preciso e requirido polo profesorado para desenvolver correctamente a actividade lectiva.

6.3. Corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia.

6.3.1. Consideracións xerais sobre a corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia.

As medidas e procedementos para a corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia emanan dos **principios** e disposicións recollidos no Título III do *Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*. Para a corrección destas condutas terase especialmente en conta:

–A proporcionalidade á gravidade da conduta corrixida (art. 18 da *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*).

–A existencia de arrepentimento e petición de desculpas (art. 13 da *Lei 4/2011*).

–A dilixencia e rapidez na reparación dos danos causados (art. 13 da *Lei 4/2011*).

–A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas (art. 23 da *Lei 4/2011*).

–A gradación das medidas correctoras (art. 23 da *Lei 4/2011*).

Como norma xeral, cando algún membro da comunidade educativa considere que algún feito asociado a unha conduta contraria ás normas de convivencia pode ser **constitutivo de delito ou falta**, comunicárase á dirección do centro para que o poña en coñecemento da Administración educativa e do Ministerio Fiscal (art. 14 da *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*).

Prescripción de condutas e medidas. Segundo o art. 17 da *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, as condutas graves prescriben aos catro meses de seren cometidas e as leves ao mes. Polo que se refire ás



medidas correctoras, o art. 24 da mesma lei establece que as medidas correctoras das condutas graves prescriben ao ano da súa imposición e as leves aos catro meses.

6.3.2. Corrección das condutas leves contrarias á convivencia.

As medidas correctoras para as condutas leves contrarias á convivencia están establecidas no art. 22 da *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que durase a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.

6.3.2.1. Procedemento de corrección das condutas leves contrarias á convivencia.

A imposición de medidas correctoras para as condutas leves contrarias á convivencia no IES Camilo José Cela realizarase gradualmente do seguinte xeito:

- a) O primeiro paso na corrección destas condutas será a amoestación verbal por parte do profesorado ou do profesorado titor. En caso de reiteración realizarase amoestación verbal por parte da persoa responsable da xefatura de estudos ou da dirección.



b) Cando as amoestacións verbais non xurdan efecto ou se considere que a conduta merece un actuación máis contundente, o/a profesor/a redactará unha **amoestación por escrito**, seguindo o modelo de uso no centro. Esta amoestación será entregada nas oficinas do centro para que sexa enviada ao domicilio familiar do/a alumno/a. Desta amoestación entregarse copia ao/á titor/a e ao/á xefe/a de estudos.

c) Cando se realice a **segunda amoestación por escrito**, a persoa responsable da xefatura de estudos poderá tomar a decisión de impor traballos en horario lectivo, nun dos dous recreos da mañá, por un período de un a tres días. Estes traballos terán relación coas habilidades sociais, a adquisición de hábitos de corrección e a aprendizaxe de normas de convivencia básicas.

d) A imposición dunha **terceira amoestación** por escrito supoñerá a imposición de medidas como a realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora do desenvolvemento das actividades no centro como tarefas de axuda ao persoal de limpeza, axuda ao persoal subalterno na ordenación de material e mobiliario, colaboración en actividades ambientais e de coidado do recinto, etc. Tamén poderán ser tarefas, se procede, de reparación do dano causado.

e) Coa imposición da **cuarta amoestación**, á parte doutras medidas, levarase a cabo a suspensión do dereito de asistencia a actividades extraescolares e complementarias por un período de ata dúas semanas. Esta medida complementarase, en función do carácter das condutas, coa suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos.

f) Coa **quinta e sexta amoestación** tomarase a medida de suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Sempre que se imponha esta medida, o alumnado sancionado levará traballos para realizar no tempo de suspensión, coa fin de non interromper o seu proceso formativo.

g) A partir da **sétima amoestación** escrita por falta leve, a acumulación suporá a consideración de falta gravemente prexudicial para a convivencia, que levará consigo a iniciación dun procedemento corrector.

h) Esta gradación de medidas poderá ser acelerada en caso de que as amoestacións escritas que recollan as faltas leves cometidas teñan que ver cos casos recollidos no apartado 5.2.2. nas alíneas a), c), h), i) e, especialmente, nas faltas leves da alínea b) relacionadas con actitudes sexistas.



i) Con respecto á **acumulación de faltas de puntualidade**, considerada como falta leve na alínea p) do apartado 5.2.2., tres faltas de puntualidade contarán, a efectos de amoestación escrita, como unha falta de asistencia.

l) Con respecto á **acumulación de faltas de asistencia**, considerada como falta leve na alínea q) do apartado 5.2.2., tres faltas de asistencia inxustificadas en días distintos suporán unha amoestación escrita do/a titor/a, previa información á xefatura de estudos.

6.3.3. Corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros poden ser corrixidas, segundo se establece no artigo 21 da *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

6.3.3.1. Procedemento de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

A imposición de medidas correctoras para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia **realizarase sempre mediante a instrución dun procedemento corrector** incoado pola persoa titular da dirección que, valorando en función da



gravidade da conduta, ofrecerá a posibilidade de optar polo procedemento conciliado ou polo procedemento común, aínda que, de concorreren as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección polo primeiro deles, de acordo co disposto no artigo 47.4 do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

■ Os **prazos** son os seguintes:

–Doce días lectivos para o total do proceso, desde o día en que se comunique a conduta a corrixir ata a notificación da resolución aos responsables legais do/a alumno/a. (artigo 25.7 da *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*).

–Tres días lectivos, desde a notificación da conduta, para comunicar ás familias a posibilidade de acollerse ao Procedemento conciliado. (art. 48 do *Decreto 8/2015*).

–Un día lectivo para que as familias comuniquen por escrito a aceptación ou rexeitamento do Procedemento conciliado. (art. 48 do *Decreto 8/2015*).

■ Para a notificación da conduta existirá un **documento de constatación dos feitos** (art. 37 do *Decreto 8/2015*), cos datos da conduta gravemente prexudicial.

■ O comezo do procedemento corrector plasmarase nun **documento de incoación**, que se enviará aos representantes legais e á Inspección, e que recollerá:

- Identificación dos/as responsables.
- Exposición dos feitos.
- Designación dun/dunha instrutor/a.
- Proposta, se procede, do Procedemento conciliado.
- Órgano competente para a resolución do expediente (neste caso, o director).
- Medidas provisionais, se as houbese.
- Indicación do dereito a formular alegacións e á recusación do instrutor.

■ No centro quedará **constancia da conduta gravemente prexudicial corrixida** coa finalidade de apreciar a posible reincidencia, segundo establece o art. 46.5 do *Decreto 8/2015*. Os expedientes archivaranse durante un ano natural, ata a súa prescrición.

6.3.3.1.1. Protocolo para o desenvolvemento do Procedemento conciliado.



O Procedemento Conciliado baséase nas estratexias do diálogo e a conciliación para a resolución de conflitos.

■ As **condicións que deberán cumprirse para acollerse ao Procedemento Conciliado** establécense no artigo 49.2 do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro*: recoñecemento da gravidade da conduta, compromiso de reparación e de cumprimento das medidas correctoras e conformidade dos afectados en acollerse ao procedemento.

■ No artigo 49.3 do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro* establécense os **casos en que non procede aplicar o Procedemento Conciliado**: en casos de especial e notoria gravidade, cando non haxa aceptación do acollemento a este procedemento por algunha das partes ou cando xa se fixese uso deste procedemento durante o mesmo curso escolar coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

No IES Camilo José Cela, o procedemento conciliado seguirá os seguintes pasos:

a) **Determinación do procedemento por parte da dirección**. Unha vez comprobadas as condicións e casos establecidos no artigo 49 do *Decreto 8/2015*, teranse en conta os seguintes casos de non aplicación do procedemento conciliado:

–De acordo co establecido no artigo 124.2 da *Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*, non se ofrecerá a posibilidade de recorrer ao procedemento conciliado nas condutas que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas.

–Non se ofrecerá a posibilidade de recorrer ao procedemento conciliado en agresións con abuso de forza e lesións físicas importantes, en casos complexos de ciberacoso e, en xeral, en situacións en que o conflito requira a intervención externa da fiscalía ou das forzas de seguridade.

b) A persoa instrutora do procedemento será nomeado pola dirección e farase efectivo o seu nomeamento a partir da súa designación no **documento de incoación**. Para a escolla do/a instrutor/a, darase prioridade, por esta orde, aos seguintes factores:

- Que sexa un profesor ou unha profesora con destino definitivo no centro.
- Que non imparta clase a ningún dos alumnos ou das alumnas implicados/as.
- Que posúa formación en convivencia e/ou mediación.



c) A dirección convocará a unha **reunión** á persoa instrutora e as persoas afectadas, no prazo máximo de un día lectivo contado desde que finalice o prazo da comunicación da aceptación do procedemento. A esta reunión convocarase o alumnado implicado e os seus responsables legais (con citación con cuño e rexistro de saída, por correo ordinario ou por correo electrónico corporativo), en caso de que sexan menores de idade. Nesta reunión, ademais do director e o xefe de estudos, intervirá unha *persoa mediadora* ou a *persoa coordinadora de convivencia*.

d) Na reunión actuará como secretaria a persoa instrutora, que recordará aos/ás afectados/as que están participando voluntariamente nun procedemento conciliado e que isto supón **acatar o acordo** que derive deste. Tamén advertirá que as declaracións que se realicen formarán parte do *procedemento corrector común* que se iniciará se non se alcanza a conciliación.

e) A persoa instrutora **exporá e valorará a conduta** que é obxecto de corrección, fará especial énfase nas súas consecuencias para a convivencia escolar e **propondrá algunhas medidas correctoras**, de acordo coas que figuran no art. 21 da *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*. A continuación **dará a palabra**, en primeiro lugar á alumna ou ao alumno obxecto do procedemento e, despois, ás persoas convocadas.

f) A **petición de desculpas** será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

g) As persoas participantes deberán acordar a medida correctora máis axeitada e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no art. 35 do *Decreto 8/2015*.

h) Quedará **constancia escrita da conformidade** das medidas adoptadas por parte do alumnado implicado ou dos seus responsables legais en caso de minoría de idade.

i) O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro na propia **acta da reunión**, facendo constar na mesma que o incumprimento dos acordos dará lugar á corrección polo Procedemento Común.

6.3.3.1.2. Protocolo para o desenvolvemento do Procedemento común.

O Procedemento común será de aplicación para a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que figuran excluídas do Procedemento Conciliado, citadas no apartado anterior destas NOFC.



Será de aplicación o Procedemento Común no caso de que se rexeite, non se acate o acordo, non se alcance conciliación no Procedemento Conciliado ou non se poida desenvolver este.

No IES Camilo José Cela, o Procedemento Corrector Común seguirá os seguintes pasos:

a) **Designación da persoa instrutora.** Esta persoa terá as encomendas recollidas no art. 48 do *Decreto 8/2015*: practicar as dilixencias necesarias, custodiar a documentación, propor medidas provisionais, as medidas correctoras e, se proceden, as medidas educativas reparadoras. Mesmo poderá propor o arquivamento das actuacións en caso de que considere que non procede corrixir a conduta.

A persoa instrutora do procedemento será nomeado pola dirección e farase efectivo o seu nomeamento a partir da súa designación no **documento de incoación**. Para a escolla do/a instrutor/a, darase prioridade, por esta orde, aos seguintes factores:

- Que sexa un profesor ou unha profesora con destino definitivo no centro.
- Que non imparta clase a ningún dos alumnos ou das alumnas implicados/as.
- Que posúa formación en convivencia e/ou mediación.

b) A persoa instrutora citará para as **entrevistas** ás testemuñas e implicados que considere, aínda que en primeiro lugar deberá citar ao/á alumno/a expedientado. Para as entrevistas cos/coas menores *implicados/as* será imprescindible a presenza dos seus representantes legais que serán citados por correo ordinario con acuse de recibo. Para as entrevistas con *testemuñas* menores de idade, será necesario comunicar aos representantes legais a citación e ofrecerlles a súa asistencia á entrevista; en caso de que non asistan serán asistidos/as polo/a titor/a. Cada citación terá rexistro de saída e cuño do centro, e poderá ser enviada por correo electrónico corporativo. Ao/á alumno/a daráselle en man cun recibín no que asinará o recibo e poñerá o número de DNI.

Nas entrevistas transcribírase *literalmente* cada declaración, redactando as respostas en primeira persoa e as preguntas en estilo directo. Será *recomendable* que nas declaracións estea presente algún cargo directivo.

c) A persoa instrutora terá *cinco días lectivos para a instrución*, contados a partir da súa designación, como se establece no artigo 53.2 do *Decreto 8/2015*. Ao cabo destes cinco días formulará a súa **proposta de resolución**. A proposta de resolución debe propor *unha única medida correctora*, de entre as que figuran no art. 21 da *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, polos feitos



obxecto do procedemento. Iso si, poderá propoñer outras *medidas educativas reparadoras* referidas no art. 35 do *Decreto 8/2015*.

d) Unha vez formulada a proposta de resolución e dado o *registro de entrada*, e antes de entregala ao/á director/a, a persoa instrutora realizará o **trámite de audiencia**, recibindo ao/á alumno/a e aos seus representantes legais se fose menor de idade, sempre en *horario lectivo*, segundo indica o art. 25.5 da *Lei 4/2011*. Para isto redactarase unha citación, enviada, de novo, con registro de saída e acompañada dunha relación dos documentos que figuren no procedemento.

Este encontro, no que será recomendable que estea presente o/a xefe/a de estudos, realizarase no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación e nela poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase **acta**, na que constarán as **alegacións resultantes**, se procede, da audiencia. A acta do trámite de audiencia estará asinada por todos/as presentes.

e) A persoa instrutora dará traslado de todo o actuado, así como da proposta de resolución e a acta resultante do trámite de audiencia coas alegacións que procedan, á dirección do centro, que ditará a **resolución escrita**, cos seguintes contidos, segundo o artigo 54 do *Decreto 8/2015*:

–Feitos probados.

–De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.

–Medidas correctoras que se vaian aplicar.

–Posibilidade de solicitar ante o Consello Escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.

A resolución adoptada será trasladada aos responsables legais do/a alumno/a no prazo de un día lectivo desde a recepción da proposta do/a instrutor/a, excepto no caso de que a medida correctora proposta sexa o cambio de centro.

f) Cando a dirección considere feitos, achegas ou medidas diferentes das consignadas na tramitación do expediente pola persoa instrutora, coa fin de achegar maiores garantías, dará un novo trámite de audiencia considerando estas actuacións como complementarias ao procedemento e dará traslado aos afectados para que poidan facer as alegacións oportunas.

g) En caso de que o/a instrutor/a propoña a **medida de cambio de centro**, a persoa responsable da dirección deberá comprobar que se cumpre o requisito de excepcionalidade da medida e que na localidade exista outro centro que imparta as



ensinanzas que curse o/a alumno/a. Unha vez comprobado, comunicará a proposta á Xefatura Territorial, que será quen decida o caso (para o que se ampliará o prazo legal).

7. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

O acoso escolar está definido no artigo 28 da *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa* do seguinte xeito: “considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou unha alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se producise. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar”.

Ademais, o *Protocolo Xeral de Acoso e Ciberacoso escolar* da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria identifica tres criterios diagnósticos que deben darse simultaneamente para a identificación do acoso escolar: **existencia de intención de facer dano** (existirá unha vítima concreta e indefensa, e un agresor ou agresora que lle fai dano conscientemente), **a repetición das condutas agresivas** (reiteración do abuso por un período longo de tempo) e **a duración no tempo** (presenza de desigualdade de poder entre a persoa máis forte e a máis débil).

No IES Camilo José Cela de Padrón concretaranse do seguinte xeito as fases marcadas no devandito *Protocolo Xeral de Acoso e Ciberacoso escolar*, de obrigado cumprimento para os centros dependentes da Consellaría de Educación:

a) Na **primeira fase**, unha vez verificada a comunicación ou denuncia e a existencia do presunto caso de acoso, as primeiras medidas de protección á vítima incluírán sempre o nomeamento dunha *persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima* que, excepto en caso de que conflúa con outra figura relevante no proceso, será o titor ou titora da persoa presuntamente acosada.

Nomearase unha *persoa responsable das averiguacións previas*, que recadará información, comunicarase cos implicados e as súas familias e realizará todos os trámites cubrindo os informes e as actas de reunión pertinentes. Esta persoa será un profesor ou unha profesora con destino definitivo no centro e con formación e experiencia no eido da convivencia.



Ademais, nesta primeira fase *informarase ao orientador ou orientadora* do centro, que actuará asesorando en todo momento á persoa responsable das averiguacións e á propia dirección e será quen recomende, de ser considerado necesario por algún dos axentes que interveñan, a colaboración dalgún *profesional externo ao centro*.

b) A **segunda fase** comezará coa recollida de información, realizando *entrevistas individuais cos implicados/as* e deixando xustificación documental destas a través dos formularios establecidos polo centro. A primeira entrevista que se realizará será coa presunta vítima, para a que non se precisará citación formal, aínda que si se comunicará á familia do/a presunto/a acosado/a a súa realización. A(s) persoa(s) presuntamente acosadora(s) e observadora(s) serán entrevistadas seguindo o mesmo procedemento.

Posteriormente, dentro desta fase, a persoa responsable entrevistará a familia da persoa presuntamente acosada e, despois, a familia da persoa presuntamente acosadora. En calquera momento desta segunda fase se poderá pedir o apoio do Departamento de Orientación e/ou de profesionais externos ao centro (policía, unidades de delitos telemáticos da Garda Civil...)

c) A **terceira fase** será a de *análise da información*, que quedará consignada no documento que o centro ten disposto para o efecto. Este documento será entregado á dirección do centro, que precisará se se trata ou non dun caso de acoso e acordará as medidas que sexa preciso adoptar.

En caso de que se demostre que se trata dun episodio de acoso escolar, comezarse un procedemento corrector, que será instruído pola mesma persoa que actuou como responsable das averiguacións previas. En caso de que o acoso detectado sexa de carácter menor e, contando coa aceptación da vítima e da persoa acosadora, ofreceríase o programa de mediación.

O seguinte documento, a *proposta de medidas*, inclúe as accións carácter educativo que se levarán a cabo co alumnado implicado. Estarán destinadas fundamentalmente ao desenvolvemento das habilidades sociais, da asertividade e de xeitos sans de relación cos/coas demais, tanto por parte dos/as presuntos/as acosadores/as como das persoas observadoras. Pero tamén, se na orixe da instrución do protocolo se encontra algunha amoestación escrita que dera lugar á sospeita de acoso, adoptaranse medidas correctoras aplicando as normas de convivencia do centro para reparar esas condutas puntuais.



d) A **fase cuarta** consistirá no *seguimento e avaliación das medidas adoptadas*.

A(s) presunta(s) vítima(s) e os/as acosadores/as acudirán semanalmente ás dependencias de dirección para entrevistarse co xefe de estudos e coa persoa responsable do Departamento de Orientación, para comprobar o cumprimento das medidas e a evolución das actitudes xerais destas persoas dentro do centro.

e) Desenvolveranse unha serie de **estratexias de prevención** do acoso escolar, entre as que destacaremos as seguintes:

–Formación do grupo de mediadores, participantes no programa de mediación e posibles colaboradores noutras accións de convivencia, por exemplo, o acompañamento a outros compañeiros e compañeiras.

–Charlas sobre acoso e uso responsable das novas tecnoloxías, enmarcadas no *Plan Director para la Convivencia y Mejora de la Seguridad en los Centros Educativos y sus Entornos* desenvolvido nos centros por membros da Garda Civil.

–Programas de prevención da violencia e desenvolvemento de habilidades sociais levados a cabo en sesións de titoría en colaboración co Concello de Padrón.

8. MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA

8.1. Plan de acollida.

O plan de acollida é un instrumento necesario para facilitar a integración de alumnado e profesorado que se incorpora ao centro. As actuacións deste plan de acollida deberán estruturarse en función das características das persoas que se incorporan e en base á súa situación no centro.

8.1.1. Obxectivos.

a) Proporcionar apoio e información ás persoas que se incorporan ao centro para que coñezan as súas instalacións, horarios, persoal, funcionamento e estrutura dun xeito rápido e efectivo.

b) Facilitar o proceso de integración no centro e na comunidade educativa, evitando fenómenos de illamento ou incomunicación que se poidan producir na incorporación.



c) Achegar habilidades e coñecementos lingüísticos, sociais e culturais ao alumnado e ás familias de procedencia inmigrante, para conseguir unha adaptación óptima ao sistema de ensino e á súa nova realidade social.

8.1.2. Alumnado de nova incorporación.

Distinguiremos entre o alumnado que comeza na ESO, alumnado que comeza no Bacharelato, alumnado que se incorpora co curso iniciado e o alumnado procedente do estranxeiro.

8.1.2.1. Alumnado que comeza na ESO.

O alumnado que comeza os seus estudos no centro procede na súa gran maioría do centro adscrito situado ao lado do IES: o CEIP Flavia. Dada esta proximidade, en cada curso escolar se levará a cabo por parte do Departamento de Orientación e da Xefatura de Estudos un seguimento do alumnado do derradeiro curso de Primaria.

Con este alumnado seguirase a seguinte **secuencia de accións**:

–Xornada de presentación do centro ao alumnado de 6º de Primaria procedente do centro adscrito. Realizarase na segunda quincena de marzo. Será dirixida polo/a director/a e a persoa responsable do Departamento de Orientación e nela realizarase unha presentación dos estudos de ESO no Salón de Actos e un percorrido polo centro para coñecemento das instalacións

–Recepción a alumnado e familias. Primeiro día de curso. Realizada polo equipo directivo, o departamento de Orientación e o profesorado tutor.

–Sesión de presentación e acollida do alumnado na aula. Primeiro día de curso. Levada a cabo polo profesorado tutor. Nesta sesión entregarase a cada alumno/a, como mínimo, o horario, o plano do centro e o resumo das NOFC.

–Tutela do alumnado para a familiarización coas aulas-materia. Primeira semana do curso. Levada a cabo polo equipo directivo e o profesorado de garda. Prestarase unha especial atención ao alumnado novo para orientalo nas entradas e nos cambios de clase. Poderase contar coa colaboración de alumnado axudante.

8.1.2.2. Alumnado que comeza no Bacharelato.



No primeiro curso de bacharelato, o IES Camilo José Cela nítrese fundamentalmente do alumnado que xa cursou a ESO no centro. Pero hai unha porcentaxe significativa de alumnado (arredor do 30% no curso 2018-2019), que comeza os seus estudos logo de cursar a ESO nos CPI dos concellos da bisbarra (Dodro, Cesures e Rois).

Con este alumnado seguirase a seguinte **secuencia de accións**:

–Visita informativa aos CPI da zona. Realizarase na segunda quincena de xaneiro. Consistirá nun encontro en que a persoa directora do IES Camilo José Cela e a persoa responsable do Departamento de Orientación informarán das características do noso centro e da súa oferta educativa.

–Xornada de presentación do centro ao alumnado dos CPI da zona. Realizarase no mes de febreiro. Neste caso, a persoa directora do IES Camilo José Cela e a persoa responsable do Departamento de Orientación mostrarán as instalacións do centro ao alumnado e explicarán as características e o funcionamento das aulas materia.

–Sesión inicial de presentación e acollida do alumnado na aula. Primeiro día de curso. Levada a cabo polo profesorado titor. Nesta sesión entregarase a cada alumno/a, como mínimo, o horario, o plano do centro e o resumo das NOFC.

8.1.2.3. Alumnado que se incorpora co curso iniciado.

De cara a facilitar a incorporación do alumnado novo co curso xa iniciado, a primeira medida que se tomará será determinar a situación que provoca o ingreso do novo alumno ou a nova alumna: traslado de domicilio, resolución de procedemento corrector, separación ou divorcio, violencia de xénero, familias itinerantes... Unha vez realizado este trámite con axuda do Persoal de Administración, a Xefatura de Estudos poñerase en contacto co Departamento de Orientación para decidir as accións máis axustadas. A dirección solicitará a documentación e os informes ao centro de orixe.

Con este alumnado seguirase a seguinte **secuencia de accións**:

–Recepción do alumnado e da súa familia por parte do equipo directivo e a persoa responsable de Orientación. Realizarase en canto se presenten no centro para a matrícula e consistirá nunha entrevista en que se procurará a confianza e receptividade. Proporcionarase neste momento o plano do centro e un membro do equipo directivo mostrará as instalacións.



–Reunión co profesorado titor do grupo asignado ao alumno ou á alumna e intercambio dos aspectos pedagoxicamente relevantes que consten na información conseguida.

–Adopción, se é o caso, por parte da Xefatura de estudos, de medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade.

–Notificación ao profesorado do grupo da nova incorporación. Realizarase por parte do equipo directivo a través do correo e dunha nota no taboleiro da sala do profesorado. Se o equipo directivo e o Departamento de Orientación así o consideran, realizaríase unha reunión co profesorado do nivel que curse o/a alumno/a.

–Acompañamento no primeiro día de incorporación á actividade académica. Será un membro da dirección quen estea o primeiro día de clase pendente do/a novo/a alumno/a, acompañándoo á aula e proporcionándolle o horario e o extracto das NOFC. Tamén se asegurará de que estean no seu poder os libros de texto e o material asignado.

–Colaboración do alumnado axudante, previa valoración da Xefatura de Estudos e acordo cun compañeiro ou cunha compañeira de curso (mesmo con máis dun ou dunha).

–Seguimento do alumnado a través da tutoría e de reunións semanais coa persoa responsable de Orientación e da Xefatura de Estudos.

–No caso do **alumnado pertencente a familias itinerantes**, entregarase o primeiro día á familia, ademais do extracto das NOFC, un informe inicial co resumo dos principais dereitos e obrigas do alumnado. Cando remate a súa estada temporal no centro, enviarase un informe do período de escolarización ao centro de orixe e outro ao centro no que vaia recalar, en caso de que sexa diferente do centro de orixe.

8.1.2.4. Alumnado procedente do estranxeiro.

No IES Camilo José Cela, como xa se indicou no apartado 2.2 de análise do contexto neste mesmo documento, estuda un alumnado bastante homoxéneo socioculturalmente e con moi baixa presenza de alumnado que proceda do estranxeiro: non chega a un 2% o alumnado que poidamos considerar deste xeito.

No protocolo de acollida de este alumnado teranse en conta as directrices que dispón a *Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro*.

Con este alumnado seguirase a seguinte **secuencia de incorporación**:



–Recepción e benvida do alumno ou da alumna e da súa familia. Achega da documentación necesaria e información sobre a matrícula. Entrevista coas persoas responsables da Xefatura de Estudos e da Dirección e revisión de toda a documentación.

–Entrevista coa persoa responsable de orientación. Realizarase unha valoración inicial da situación social e académica do alumno ou da alumna. Reunión posterior coa xefatura de estudos para decidir, inicialmente, en que nivel e grupo se integra.

–Incorporación provisional ao grupo ordinario. Información ao profesorado mediante comunicación escrita e reunión onde se darán as primeiras indicacións por parte do Departamento de Orientación e da Xefatura de estudos.

–Asignación de alumnado axudante para facilitar a integración do alumno ou da alumna. Primeiro día de asistencia ás clases.

–**Avaliación inicial.** Será realizada polo Departamento de Orientación nun primeiro momento, para o que recadará a colaboración dos departamentos didácticos. Nun segundo momento, cada departamento realizará unha avaliación inicial específica, seguindo o asesoramento do Departamento de Orientación.

–Logo da avaliación inicial, programarase unha **reunión extraordinaria da xunta de avaliación do grupo en que se integre o alumno ou a alumna procedente doutro país.** Nesta reunión valoraranse as *posibles medidas de atención á diversidade*, tanto de tipo curricular (Adaptacións curriculares, Reforzo con exención de 2ª lingua...) como organizativo (Grupos de adquisición de linguas e Grupos de adaptación da competencia curricular).

–Dado que no IES Camilo José Cela dificilmente poderá existir de xeito estable Grupos de adquisición de linguas ou de adaptación da competencia curricular, tendo en conta os esporádicos casos de alumnado procedente do estranxeiro que poden demandar este servizo, as necesidades deste tipo cubriranse coa atención individualizada. Asignaranse horas de adquisición de linguas ou de adaptación curricular en horario ao profesorado con dispoñibilidade entre o profesorado de linguas ou o que imparta as materias en que se detecten as necesidades do alumno ou a alumna.

–Reunión da familia coas persoas responsables da Xefatura de Estudos e do Departamento de Orientación. Neste encontro comunicarase o grupo definitivo que corresponde ao alumno ou á alumna e informarase, se é o caso, das medidas de atención á diversidade que precise. Aproveitarase para asesorar nos aspecto pedagóxico á familia e solicitaranse as autorizacións pertinentes.

–Incorporación definitiva e presentación no grupo asignado.



8.1.3. Profesorado de nova incorporación

a) O **profesorado que se incorpore novo ao comezo dun curso** escolar será recibido por un membro do equipo directivo, que lle dará a benvida e lle mostrará as instalacións.

A continuación realizaranse as seguintes **accións**:

–Presentación no claustro perante o resto do colectivo de profesorado.

–Presentación perante o persoal do centro.

–Cumprimentación das fichas de datos persoais e da declaración responsable na oficina do centro. En caso de que a persoa que se incorpora non traballase anteriormente no ensino público galego, deberase asegurar que posúa conta de correo corporativo e, de non ser así, asesorarase a persoa para a súa creación.

–Entrega da carpeta do profesorado, que incluírá, como mínimo, o horario, o plano do centro, e as listas dos grupos aos que imparta docencia.

–Información, entrega e comentario do extracto das NOFC do centro e das xestións máis inmediatas: comunicación de faltas, protocolo de realización de gardas, funcionamento das aulas materia, toques de timbre e puntualidade...

–Entrega das chaves das aulas, do carro Abalar (se procede), do armario persoal da sala do profesorado e do departamento correspondente. De ser o caso, entregarase o mando do aparcamento, a cambio dunha fianza de 20 €.

b) O **profesorado que se incorpore co curso xa comezado** será recibido igualmente polo membro do equipo directivo que estea de garda ou dispoñible nese momento, que lle dará a benvida e lle mostrará as instalacións.

Realizaranse as mesmas **accións que no apartado anterior, coas seguintes matizacións**:

–En caso de que o/a nova docente sexa substituto/a, realizarase a procura e entrega de información, horario, material, armario da sala do profesorado e de todo aquilo que o profesor ou a profesora á que substitúe, de ser o caso, deixase previsto.

–Na carpeta do profesorado entregarase o plano do centro e o horario. Comprobarase o material que deixou a persoa a quen substitúe e completárase coa información que se considere precisa.



8.2. Programa de mediación entre iguais.

No IES Camilo José Cela funciona un programa de mediación entre iguais, como un elemento central na resolución pacífica de conflitos entre o alumnado. Segundo o artigo 10 da *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, o plan de convivencia do centro integrará a mediación na xestión dos conflitos. O *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*, no artigo 26, establece as liñas básicas da mediación escolar.

a) O Servizo de Mediación é un recurso para a resolución de conflitos ao que se poden acoller, sempre de xeito voluntario e aceptado por ambas as partes, os alumnos e as alumnas que o desexen.

b) Como norma xeral, non se ofrecerá a posibilidade de recorrer ao servizo de mediación nas condutas tipificadas no artigo 124.2 da *Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*, pois a propia lei establece a medida correctora para as mesmas.

c) Non se ofrecerá a posibilidade de recorrer ao servizo de mediación en agresións con abuso de forza e lesións físicas importantes, en casos complexos de ciberacoso e, en xeral, en situacións en que o conflito requira a intervención externa da fiscalía ou das forzas de seguridade.

d) As solicitudes do servizo de mediación realizaranse perante o coordinador de convivencia e mediación, o/a orientador/a ou na caixa de solicitude habilitada na conserxaría. Usarase un impreso estándar que estará a disposición de todo o alumnado.

e) O alumnado mediador recibirá unha formación de 12 horas, que será deseñada pola dirección do centro e aprobada pola Comisión de Convivencia, e que requirirá autorización do Consello Escolar e das familias para levala a cabo fóra do horario lectivo.

f) Escollerase unha parella de mediadores/as para cada caso, entre o alumnado formado, e a súa elección resultará da decisión consensuada tomada polo coordinador de mediación, a persoa responsable da orientación e a persoa responsable da Xefatura de Estudos.



g) Para a selección da parella de mediadores/as terase especialmente en conta dous factores: a existencia da menor relación directa coas persoas en conflito e a posibilidade de recusación fundamentada, tanto por parte dos mediadores/as como das persoas que requiren o servizo.

h) Unha vez recibida a solicitude, a mediación deberá comezar nun prazo máximo de tres días lectivos.

i) A mediación levarase a cabo no **aula** ou **espazo de mediación** reservado ao efecto. Esta terá lugar nun recreo que se acorde, comezando sempre no 1º recreo dunha xornada escolar, e será continuada, se é preciso, nos recreos que se determinen.

l) O proceso de mediación seguirá as seguintes fases:

- Rexistro da mediación.
- Presentación do caso e exposición das regras.
- Achega das diferentes versións do acontecido.
- Aclaracións. Desenvolvemento da mediación.
- Proposta de solucións.
- Acordos e aceptación. Documento de compromisos.
- Seguimento.
- Valoración do proceso.

m) Todos os pasos serán documentados cos impresos correspondentes e levantarase acta de cada sesión e dos acordos e compromisos tomados.

n) O/A coordinador/a de mediación será o/a depositario/a e gardián/á de todos os documentos mentres dure o proceso de mediación. Ademais, será a persoa que apoie o proceso sempre que estea dispoñible. Sempre deberá haber un responsable externo coordinando o proceso, se non pode ser o coordinador será a propia persoa responsable da xefatura de estudos ou quen ela designe.

ñ) O desenvolvemento do proceso de mediación, incluíndo todas as deliberacións, acordos e documentación que se empregue, é totalmente confidencial. Esta confidencialidade afecta a todos/as os/as participantes no proceso, especialmente as persoas mediadoras e coordinadoras. A ruptura da confidencialidade por parte destas últimas levará consigo a paralización da mediación ou, se xa se completou o proceso, a súa anulación e a adopción das medidas disciplinarias oportunas.

o) A falta de acordo, a creba dos acordos, o cuestionamento do proceso ou os comportamentos improcedentes ou disruptivos durante as sesións de mediación significarán a suspensión da mediación e a reanudación do procedemento corrector



p) Unha vez que se complete o proceso de mediación, haberá un prazo de dez días para levar a cabo o cumprimento dos acordos, ao remate do que se realizará unha reunión de seguimento.

8.3. Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais.

Xustificación da importancia do programa.

O Programa de Adquisición de Habilidades e Competencias Sociais é unha medida complementaria para a mellora da convivencia, desenvolta polo Departamento de Orientación, e dirixida ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro. Esta medida vén recollida no artigo 19 da *Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa* e no artigo 24 do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*.

Por outra parte, o *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes*, contempla os programas de habilidades sociais dentro das medidas ordinarias de atención á diversidade. A *Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria*, lembra a necesidade de elaborar e desenvolver un programa de habilidades sociais para o alumnado que sexa remitido reiteradamente á aula de atención educativa e convivencia e para aquel alumnado que sexa sancionado con suspensión do dereito de asistencia ao centro.

O programa íntegro de adquisición de habilidades e competencias sociais figura como **anexo I**.

Obxectivos do programa de habilidades sociais básicas.

- a) Lograr un maior autoconecemento do/a alumno/a, do seu autocontrol e autorregulamento da propia conduta que repercuta nun incremento da súa autoestima.
- b) Mellorar as técnicas de comunicación.



- c) Lograr que o alumnado aprenda a establecer relacións axeitadas cos seus compañeiros e compañeiras así como co seu profesorado.
- d) Mellorar as relacións do grupo-clase.
- e) Aprender a atribuír os éxito e fracasos aos propios esforzos.
- f) Desenvolver no alumnado un sentimento de responsabilidade social.
- g) Lograr que o alumnado tome conciencia dos seus pensamentos distorsionados.

Bloques de contidos.

■ Habilidades de Comunicación: “Condicións para a escoita: empatía, reflectir, escoitar, graduar a información negativa...”, “Aprendendo a escoitar: a clarificación, a paráfrase, o reflexo, o resumo”.

■ Habilidades de Comunicación non-verbais: “as funcións básicas da comunicación non verbal: complementar a mensaxe verbal, regular a interacción..., “Algunhas habilidades non verbais: a mirada, o sorriso, os xestos, a expresión facial, a postura e a orientación corporal, o contacto físico...”.

■ Distorsións Cognitivas: “Aprendendo a ser conscientes dos nosos pensamentos distorsionados: hiperoxeneralizacións, designación global, filtrado ou visión de túnel, pensamento polarizado,...”.

■ Habilidades na Resolución de problemas interpersoais: “Aprendendo a resolver problemas nas relacións interpersoais: definición do problema, elaboración de solucións alternativas, toma de decisións, execución e avaliación da solución”.

■ A Asertividade: “Aprendendo a ser asertivo e a defender os meus dereitos e a respectar os dos demais: Técnica do disco raiado, banco de néboa, aprazamento asertivo, técnica para procesar o cambio, técnica da pregunta asertiva”.

■ Adestramento en habilidades concretas: defender os propios dereitos, facer cumpridos, habilidade de negociar.

■ Análise de valores.

■ Tolerancia e respecto ás diferenzas.

Actividades.



Deseñamos actividades para a aula que se levarán a cabo fundamentalmente na hora de tutoría semanal presencial, a cargo do profesorado tutor. Para isto contarase co asesoramento e a intervención directa da orientadora. Tamén se poderá recorrer á colaboración de axentes externos.

Ademais, temos deseñadas actividades para a reflexión de xeito individual, cando o/a alumno/a sexa derivado/a á aula de convivencia ou durante o período de suspensión de asistencia á clase.

As actividades concretas asociadas aos bloques de contido do apartado anterior especificanse no **anexo II**.

Temporalización.

O Programa de Habilidades Sociais desenvolverase no 1º trimestre preferentemente, podendo estenderse ata o segundo en función das necesidades detectadas e das sesións disponibles anualmente.

8.4. Medidas dirixidas a nais e pais.

No IES Camilo José Cela, desde xa hai moitos anos, rexístrase una moi baixa participación das familias na vida do centro. Unha mostra disto é a inexistencia de ANPA desde os comezos do centro.

A través do traballo en convivencia fomentaranse actividades destinadas a implicar as familias cada vez máis na vida do centro:

-Reunión inicial de familias de 1º de ESO. Trátase dunha actuación que se realiza o primeiro día do curso en que se reúne ás familias xunto co alumnado, o profesorado tutor e o equipo directivo para a presentación e comezo das actividades académicas. Despois realízase un encontro por separado: o alumnado na aula co tutor ou titora e as familias realizarán unha visita guiada polo centro en compañía da dirección.

-Reunión coas familias de bacharelato. Durante o curso realizaranse reunións informativas a comezo de curso para as familias do alumnado de 1º de Bacharelato e ao final do 2º trimestre para o alumnado de 1º e 2º, co fin de explicar aspectos do calendario final de probas, sobre todo as ABAU.



-Transmisión de información. O contacto e a información coas familias procurarán ser continuados. Para isto crearase un grupo de correo electrónico cos enderezos que as familias faciliten para comunicar as cuestións relevantes de xeito inmediato, especialmente as que afecten á convivencia. A primeira acción será o envío por correo electrónico dun resumo das NOFC confeccionado expresamente para as familias.

-Comunicación a través da páxina web do centro. Procurarase aproveitar as posibilidades da web do centro para mellorar as canles de comunicación. Ademais, a través deste medio, as familias poderán consultar os documentos básicos do centro como as NOFC e descargar documentación como distintos tipos de autorizacións e impresos.

8.5. Aula de convivencia inclusiva.

A aula de convivencia inclusiva menciónase no artigo 19 da *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa* e regúlase no artigo 25 do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*.

No IES Camilo José Cela estamos á espera dunha actuación estrutural sobre o recibidor do centro que permita integrar, na planta baixa, unha dependencia, actualmente sen uso definido, que albergará a aula de convivencia. Este espazo físico necesario nas nosas instalacións para a aula de convivencia inclusiva prevese que estea en pleno funcionamento no curso 2019-2020.

Criterios e condicións de asistencia á aula de convivencia inclusiva

Unha vez realizada a reforma e conseguido o espazo, a aula de convivencia inclusiva será un espazo que se empregará cando se cumpran os seguintes **criterios**:

a) Será un lugar de atención de *alumnado que non estea en disposición de seguir puntualmente o desenvolvemento das clases* por ser obxecto dalgunha medida correctora imposta pola dirección, como a expulsión temporal das clases.

b) Será un lugar de atención a *alumnado que, debido á resolución dun procedemento corrector, estea privado de asistencia ao centro por un determinado*



período. Neste caso só empregaría a aula de convivencia se na resolución escrita do procedemento corrector se recolle o tipo de actividades e o horario especial de realización das mesmas nese espazo.

c) Será necesaria unha autorización específica da familia para a incorporación do mozo ou moza á aula (**anexo III**).

d) Existirá unha documentación de rexistro e avaliación da actividade da aula que será cumprimentada polo responsable ou persoa a cargo en cada período (**anexos IV e V**).

No funcionamento da aula de convivencia deberanse observar as seguintes **condicións**:

–Os proxenitores do alumnado proposto para realizar actividades na aula de convivencia serán informados mediante cita coa persoa que ostente a xefatura de estudos. Para a incorporación á aula de convivencia os proxenitores asinarán unha autorización específica. Nesta autorización especificarase o tempo previsto de asistencia á aula e a posibilidade de asistir ao centro, só no tramo horario determinado e indicado explicitamente como tempo de atención na aula de convivencia.

–En ningún caso a aula de convivencia será unha “aula de tempo fóra” para alumnado expulsado de clase polo profesor ou profesora. Deberá existir indicación expresa ou unha medida correctora firme por parte da dirección e unha programación sobre as actividades que o alumno ou a alumna deban desenvolver e o tempo preciso para facelo. Tamén haberá unha previsión de reincorporación á aula no menor tempo posible.

Atención da aula de convivencia inclusiva

Como norma xeral, os membros do Departamento de Orientación deberán incluír entre as súas horas lectivas as destinadas á atención da aula de convivencia inclusiva. A distribución e cantidade destas sesións será asignada de acordo coa dirección e a xefatura de estudos, que incluírán esta previsión dentro do horario individual dos compoñentes do Departamento de Orientación, que exercerán de profesorado estable desta aula.

A atención da aula de convivencia poderá ser realizada tamén por profesorado doutros departamentos, que manifieste a súa disposición para completar o seu horario de



horas presenciais fixas no centro con sesións de atención na aula de convivencia inclusiva.

O traballo e actividades que desenvolverá o alumnado será asignado para cada sesión e de xeito individual para cada persoa. Este traballo terá como base o Programa de Habilidades sociais deseñado polo Departamento de Orientación e será supervisado polo profesorado do Departamento de Orientación encargado da aula de convivencia. O alumnado que acuda á aula de convivencia tamén disporá de material curricular para o traballo na mesma. Este traballo será proporcionado polo profesorado das distintas materias, ao que lle será solicitado mediante un **impreso de notificación e solicitude de material curricular**. Este proceso será coordinado pola Xefatura de Estudos. A corrección e avaliación do material curricular será realizada polo profesorado da materia.

Na aula de convivencia existirá unha **ficha-rexistro da actividade do alumnado**, as sesións en que permaneceu nela e o traballo efectivo realizado.

Horario da aula de convivencia inclusiva

A aula de convivencia inclusiva estará operativa no horario que se asigne pola dirección ao comezo ou durante cada curso escolar, sempre en función das necesidades do centro e da dispoñibilidade horaria do profesorado. En principio, a **franxa horaria estándar** para o funcionamento deste servizo será a comprendida entre os dous recreos da mañá, é dicir, as sesións correspondentes a 3ª e 4ª hora (de 10:45 a 12:25).

Unha vez que ao alumnado lle sexa asignado un horario para a permanencia na aula de convivencia, este procuraráse que non se vexa afectado por actividades complementarias nin extraescolares. En caso de que coincida con probas ou exames do alumno ou da alumna, deberase comunicar con tempo á Xefatura de Estudos e ao Departamento de Orientación, para que se procure unha alternativa.

9. AVALIACIÓN, DIFUSIÓN E REVISIÓN DO PLAN. INDICADORES DE LOGRO

A avaliación do Plan de Convivencia realizarase no seo da Comisión de Convivencia. Esta comisión, nas súas reunións trimestrais, irá valorando os distintos aspectos e do plan e o desenvolvemento das accións nel establecidas. Os resultados da



avaliación, así como as propostas de mellora e revisión do plan, unha vez debatidas na Comisión, serán presentadas perante o consello escolar por parte do equipo directivo.

Para realizar esta avaliación empregaranse distintas ferramentas: observación directa do resultado das accións, comprobación por parte do responsable das mesmas, grao de consecución dos obxectivos propostos... Poderanse elaborar táboas con indicadores de logro segundo o colectivo que vaia avaliar ou segundo os aspectos que se vaian valorar (**anexo VI**).

A difusión do Plan de Convivencia será realizada polo equipo directivo nun primeiro momento, a través dos extractos que se faciliten aos distintos colectivos, mediante a exposición na páxina web a carón dos outros documentos do centro e coa explicación de aspectos do plan en órganos de representación dos diferentes colectivos (claustro, xunta de delegados, consello escolar, CCP...).

O Plan de Convivencia será actualizado a comezo de cada curso escolar a través das propostas do equipo directivo, da CCP, da Comisión de Convivencia e do Claustro, e estas modificacións serán aprobadas en Consello Escolar.



ANEXO I. PROGRAMA BASE DE HABILIDADES E COMPETENCIAS

SOCIAIS:

1. XUSTIFICACIÓN DA IMPORTANCIA DO PROGRAMA:

1.1. Fundamentación teórica:

Podemos definir a *competencia social* como a capacidade para manter boas relacións con outras persoas. Isto implica dominar as habilidades sociais básicas, capacidade para a comunicación efectiva, respecto, actitudes prosociais, asertividade, etc

Entendemos as *habilidades sociais* como un comportamento ou tipo de pensamento que leva a resolver unha situación social de maneira efectiva, é dicir, aceptable para o propio suxeito e para o contexto social en que está. O feito de que se trate de comportamentos **aprendidos e adquiridos**, fai necesario o seu traballo contribuindo así a fomentar no noso alumnado relacións positivas e sas cos/coas demais xa que, sen dúbida, canto mellor repertorio de habilidades sociais teña o/a adolescente, máis éxito poderá ter en diferentes áreas da súa vida.

1.2. Fundamentación legal:

Dende o punto de vista legal, a importancia do programa xustifícase en base ás seguintes disposicións legislativas:

➤ **Decreto 8/2015:**

“O departamento de orientación de cada centro elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra



reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.” “Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o departamento de orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.”

O Decreto indícanos que tamén se poderán desenvolver “programas que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres.”

➤ **Decreto 229/2011 (art. 8):**

Contémplanse os programas de habilidades sociais dentro das medidas ordinarias de atención á diversidade.

➤ **Circular 8/2009:**

Correspóndelle á xefatura do departamento de orientación:

- Elaborar un programa básico de habilidades sociais, que contemple, ademais, actuacións para o desenvolvemento cognitivo, para o autocoñecemento e a mellora da autoestima; programa que se incorporará ao plan de acción tutorial, de tal xeito que todo o alumnado utilice ou incorpore estratexias para comunicarse e afrontar adecuadamente aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida escolar e social.
- Elaborar e desenvolver un programa de habilidades sociais para o alumnado que sexa remitido reiteradamente á aula de atención



educativa e convivencia, coa finalidade de corrixir condutas disruptivas e mellorar a integración no centro educativo.

- Elaborar e desenvolver un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que sexa sancionado con suspensión do dereito de asistencia ao centro.

2. OBXECTIVOS DO PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS BÁSICAS:

- Lograr un maior autocoñecemento do/a alumno/a, do seu autocontrol e autorregulamento da propia conduta que repercuta nun incremento da súa autoestima.
- Mellorar as técnicas de comunicación verbal e non verbal.
- Lograr que o alumnado aprenda a establecer relacións axeitadas cos seus compañeiros e coas súas compañeiras, así como co seu profesorado.
- Mellorar as relacións do grupo-clase, a través da aceptación das diferenzas.
- Reflexionar sobre a importancia que teñen os valores na vida cotiá
- Aprender a atribuír os éxitos e fracasos aos propios esforzos.
- Desenvolver no alumnado un sentimento de responsabilidade social.
- Lograr que o alumnado tome conciencia dos seus pensamentos distorsionados.

3. BLOQUE DE CONTIDOS:

- Habilidades de Comunicación: “Condicións para a escoita: empatía, reflectir, escoitar, graduar a información negativa...” “Aprendendo a escoitar: a clarificación, a paráfrase, o reflexo, o resumo”.
- Habilidades de Comunicación non-verbais: “as funcións básicas da comunicación non verbal: complementar a mensaxe verbal, regular a



interacción... “Algunhas habilidades non verbais: a mirada, o sorriso, os xestos, a expresión facial, a postura e a orientación corporal, o contacto físico...”.

- Distorsións Cognitivas: “Aprendendo a ser conscientes dos nosos pensamentos distorsionados: hiperxeneralizacións, designación global, filtrado ou visión de túnel, pensamento polarizado,...”.
- Habilidades na Resolución de problemas interpersoais: “Aprendendo a resolver problemas nas relacións interpersoais: definición do problema, elaboración de solucións alternativas, toma de decisións, execución e avaliación da solución”.
- A Asertividade: “Aprendendo a ser asertivo e a defender os meus dereitos e a respectar os dos/das demais: Técnica do disco raiado, banco de néboa, aprazamento asertivo, técnica para procesar o cambio, técnica da pregunta asertiva”.
- Adestramento en habilidades concretas: defender os propios dereitos, facer cumpridos, habilidade de negociar.
- Análise de valores.
- Tolerancia e respecto ás diferenzas.

4. DESEÑO DE ACTIVIDADES:

ACTIVIDADES A NIVEL DE AULA PARA DESENVOLVER NA SESIÓN SEMANAL DE TITORÍA PRESENCIAL.

- **Do bloque de Contidos: “Cooperación e confianza grupal”.**

Actividade 1: “O xogo das misións”: Formamos grupos de 6 compoñentes de xeito aleatorio. Díselles que sobreviviron a un accidente aéreo e que aterraron no deserto. Deberán asignar a cada compoñente do seu grupo unha misión (busca de víveres e auga, reparto dos mesmos, apoio psicolóxico, intento de contacto co exterior, mediador/a na resolución dos conflitos que poidan xurdir e motivador/a do grupo, achegando humor e desdramatizando situacións. Saen todos os alumnos e as alumnas en función das súas misións e o resto do grupo explicará porque os elixiu. Reflexionaremos sobre a importancia que ten cada



membro no grupo, e non só un individuo como líder; insistiremos en que todos podemos ser líderes nas nosas respectivas misións.

Actividade 2: “Pasaxe a cegas”. Preténdese xerar confianza entre os membros do grupo.

Escribimos por duplicado tantos números como o resultado do número de alumnos/as do grupo dividido entre dous. Situamos os números en dúas bolsas diferentes. A metade dos/das alumnos/as collen o seu número dunha bolsa e os restantes da outra. Fórmanse parellas cos números coincidentes. Un dos membros da parella fai de guía ou “lazarillo”. Van saíndo as parellas e, cos ollos pechados, sen agarrarse nin tocarse, deberán guiar o/a compañeiro/a pola estancia (20 minutos). Despois comentaremos en grupo como se sentiron, cales foron os seus medos, se chegaron a confiar no/na guía e por que pensan que tiveron esas experiencias e/ou sensacións.

- **Do bloque de contidos: “O autoconcepto e a autoestima”.**

Actividade 3: “Fortalecendo a autoestima”.

Dialogar sobre o significado da autoestima e a súa relación co noso contorno. Destacar que todos os días nos suceden cousas que afectan á forma en como nos sentimos con nós mesmos/as en todos os ámbitos, pero centrarémonos no ámbito escolar e social, dada a importancia que ten na adolescencia o grupo de iguais.

Entregarlle un listado de sucesos que poden afectar á nosa autoestima: Unha pelexa co teu mellor amigo ou coa túa mellor amiga, que o/a teu/túa profesor/a criticou o teu traballo, un dos teus amigos ou das túas amigas insultoute, unha práctica ou exercicio de matemáticas que che saíu mal, o teu grupo de compañeiros/as non contaron contigo para saír... No reverso de cada unha das frases anteriores, deberán escribir unha serie de feitos que poderían mellorar a súa autoestima: os teus amigos/as preparáronche unha festa sorpresa, un compañeiro/a díxoches: “que ben falaches!”, lograches facer moi ben un exercicio...



Finalmente comentarase en grupo as seguintes cuestións:

Todos e todas recuperastes a vosa autoestima?

- ***Do Bloque de Contidos: “Habilidades de Comunicación”.***

Actividade 4: “Mellorar as técnicas de comunicación a través do xogo de preguntas e respostas”. O alumnado fai preguntas tratando de adiviñar a persoa de quen se trata, primeiro mediante preguntas pechadas, logo mediante preguntas abertas. O grupo debe comentar en que situación obtivo máis información e en cal se sentiron máis cómodos/as. O interese desta actividade é que o alumnado vexa que condicións facilitan a comunicación entre os interlocutores.

Actividade 5: “A escoita activa”. Antes de iniciar a actividade, o/a profesor/a debe explicar a importancia da escoita activa e concretar as condicións para que esta se leve a cabo (contacto visual, xestos, ton de voz, reformulación, síntese...). A continuación levamos a cabo unha actividade por parellas onde un alumno ou unha alumna fala e outro/a escoita e viceversa (explicarán unha situación conflitiva, historia pasada..) e tratarán de amosar o maior número de condutas de escoita activa que sexa posible. Finalmente deben reflexionar sobre que foi fácil e difícil, que frases de alento, de aprobación e de cumprimento empregaron, que contacto ocular e postura corporal tiñan cara a persoa que falaba...

Actividade 6: “Frases positivas”. O alumnado pon en práctica situación de resolución de conflito recorrendo ao uso de respostas asertivas e positivas, con frases do tipo: “Como podemos...”, “Que podemos facer para...” . A partir de situacións-problema (p.e. os teus amigos empregan normalmente gritos para solucionar os problemas) tratar de xerar solucións do tipo: “Que lle dirías?”.

Finalmente faremos a valoración recorrendo a preguntas do tipo: “Que foi fácil ou difícil neste exercicio?” “Que comentarios se extraen deste exercicio?”



Actividade 7: Os erros na comunicación: mandar, ameazar, sermonear,

- **Do Bloque de Contidos: “Habilidades de Comunicación non verbais e paralingüísticas”.**

Actividade 8: “Recoñecemos/expresamos emocións a través dos xestos”.
Divídese a clase en grupos pequenos, uns teñen que facer “tipos de xestos” (cellas fruncidas, bocexo, levantar os ombros, volume de voz moi baixo...) e outros darlles un significado emocional a cada xesto (aburrimento, sorpresa, cólera, ignorancia...).

Rematamos cunha posta en común na que os alumnos poidan darse conta da importancia da comunicación non verbal nas súas relacións persoais como reforzadora ou non, da conduta verbal.

- **Do Bloque de Contidos: “Distorsións Cognitivas”.**

Actividade 9: O profesor explica o significado das distorsións cognitivas. P.e. *Hiperxeneralización*: “Todo iso pásame porque son un inútil”. *Visión de túnel*: “Isto non ten remedio, xa está todo perdido”. *Pensamento polarizado*: “Unicamente, teño dúas opcións, ou corto esta relación ou me pelexo cos meus pais”. *Personalización*: “Non debería terlle fallado, polo tanto o culpable de todo son eu”. *Lectura da mente*: “Non me importa que me comenten o que falaren, eu xa imaxino o que me dirán”. *Debería*: “Debería obrigarme a ser o mellor”.

Debemos indicar aos/ás alumnos/as que sexan conscientes daqueles pensamentos presentes nunha situación na que se encontren deprimidos/as, desanimados/as ou cunha opinión negativa de si mesmos/as. A partir desa autorreflexión, farán tres columnas con: autoafirmacións (o que te dis a ti mesmo/a), distorsión (examina que tipo de distorsión estás utilizando en relación ás anteriormente explicadas) e refutacións (afirmacións respecto a ti mesmo/a do tipo: “este é o meu primeiro ano neste centro, necesito tempo para coñecer a súa dinámica”).

Estas refutacións son as que debes recordalas para ser empregadas a próxima vez que os pensamentos distorsionados empecen a aparecer.



Para que a comprensión sexa máis sinxela pódense ir exemplificando os pasos cun caso ficticio.

- ***Do Bloque de Contidos: “Habilidades na Resolución de problemas nas relacións interpersoais”.***

Actividade 10: “Situacións problemáticas nas relacións interpersoais. Que problemas teño?”. O alumnado identifica situacións nas que se deran enfrontamentos físicos ou verbais, describíndoas en forma de historias. Posteriormente traballan en grupos para identificar as situacións máis conflictivas no contorno escolar. Posta en común a nivel grupal e escenificación. O alumnado debe aclarar todos os detalles da situación-problema, guiándose por preguntas como: Como foi a miña conduta? Estaba nervioso/a ou tranquilo/a? Que pensaba? Como foi a conduta doutros/as? Como creo que se sentían outros/as?

Actividade 11: “Como aprender a buscar solucións aos meus problemas”.

A partir da identificación das situacións conflictivas do centro, pídeselles que propoñan solucións ás situacións representadas, analizando os pros e os contras das propostas. Escenificamos a situación ideal que sería a solución con maior número de vantaxes e menor número de inconvenientes para min e para os/as demais.

Actividade 12: “Xeneralización ou transferencia do adestramento”.

Recórdase a importancia de traballar a técnica ensaiada na aula no contexto escolar e familiar.

Reflexiónase a través de determinadas preguntas: Ante unha situación conflictiva son capaz de poñer en práctica a técnica de resolución de problemas? Que dificultades teño? Podo empregar o sistema de resolución de conflitos na vida diaria? En que situacións concretas? Como me sentín tras actuar así?

Actividade 13: “Prácticas restaurativas”.



Facemos fronte a problemas concretos que aparecen no grupo-clase a través de preguntas centradas nos *sentimentos* que se desencadean en situacións de conflito: Como te sentes respecto aos feitos que sucederon? Que pensabas naquel momento? Quen foron afectados/as por estes feitos? Como foron afectados/as? Que pensas agora do que pasou? Que necesitas que ocorra para que as cousas queden ben? Como te sentes despois de falar disto?

- ***Do Bloque de Contidos: “A asertividade”.***

Actividade 14: “Técnicas para mellorar a asertividade”.

Representátese unha situación na que se dan diferentes casos nos que se vulneran os propios dereitos e escenifícanse distintos tipos de solucións: agresiva/pasiva/asertiva. Despois avalíanse os aspectos positivos e negativos da cada unha.

- ***Do Bloque de contidos: “Adestramento de habilidades concretas”.***

Actividade 15: “Aprender a defender os propios dereitos: habilidades de autoafirmación”. Individualmente contestamos ás seguintes preguntas: Que fas se alguén te empuxa polas escaleiras? Que fas se alguén che quita a carteira? Que fas se o/a profesor/a che berra inxustamente? Que fas se un compañeiro ou unha compañeira te insulta continuamente?

Facemos un role-playing ensaiando as seguintes situacións:

- Unha compañeira quitouche os cartos que levabas para a merenda. Ten dereito a que ninguén toque as túas cousas. Que lle vas dicir?
- O teu profesor pídeche que saias de clase como castigo por estar continuamente molestando, pero ti non fuches. Tes dereito a que se te escoite e se te respecte. Que vas dicir?
- No recreo os/s teus/túas compañeiros/as non che deixan xogar con eles/elas. Tes dereito a que se te teña en conta e se te respecte. Que vas dicir?



Actividade 16: “Aprender a facer cumpridos. Fago eloxios aos/ás demais”:
Representáanse situacións nas que o alumnado ten que eloxiar a un compañeiro
ou a unha compañeira.

Actividade 17: “Saber negociar”.

- **Do bloque de contidos: “Análise de valores”.**

Actividade 18: “O termómetro dos valores”. Entrégase a imaxe dun termómetro,
solicitando ao alumnado que sitúe no mesmo unha serie de valores dados,
dende o que para eles ten máis importancia ata o que ten menos (p.e. unha
vida confortable, a amizade, a sabedoría, a igualdade, a paz, o recoñecemento
social...). Deben explicar por que elixiron o 1º valor como o máis importante.
Posteriormente faise unha posta en común entre os/as que elixiron o mesmo
valor como o primeiro da lista e elixen un/unha voceiro/a para proporcionar
unha explicación ao gran grupo. Faise reflexionar ao grupo sobre a importancia
e o respecto aos distintos valores, indicando que calquera defensa de valores
leva consigo tamén un grao de flexibilidade e aceptación dos valores dos/das
demais.

Actividade 19: “Que é mellor? Traballamos con dilemas morais”. Fanse dous
grupos, un a favor dunha opción e outro da contraria. Un/Unha representante
de cada grupo debe explicar por que elixiron esa opción. A continuación
lanzamos unha serie de preguntas para o debate.

Exemplo dun dilema moral: “Incumprimento dunha norma”

*Andrés estaba traballando na oficina. De repente é avisado de que o seu fillo
sufriu un accidente e foi ingresado no hospital en estado grave. Rapidamente
colle o coche e diríxese ao hospital pero atópase cun “atasco”. Só se lle ocorre
colle unha rúa que é de dirección contraria, con perigo de poder colisionar con
outro coche, poñendo a súa vida e a doutras persoas en perigo.*

Que pensas que debe facer Andrés?”

Preguntas para o debate:

- Para que serven as normas?



- Todos os cidadáns e todas as cidadás teñen a mesma obriga de cumprir as leis sexan cales sexan as circunstancias? Por que?
- Pode alguén saltar unha norma do permiso de circulación se está seguro/a de que non hai ningún policía á vista?
- Poden ser infrinxidas as normas cando temos a certeza de non prexudicar a terceiras persoas? Por que si e por que non?

- **Do bloque de contidos: “Tolerancia e respecto ás diferenzas”.**

Actividade 20: “O mundo ao revés”. Proxectamos o vídeo “O mundo ao revés: heterofobia” (<https://www.youtube.com/watch?v=GKt7YqJ7Egw>), pero non ata o final, para evitar as escenas máis fortes, e para que eles e elas poñan un final á historia.

Abrimos o debate coas seguintes preguntas:

- Como pensas que se sente o protagonista do vídeo?
- Que pensas que pode ocorrerlle? Ponlle un final a esta historia.
- Por que pensas que se produce esa intolerancia e rexeitamento á moza?
- Cres que os valores sociais son iguais en todas as sociedades?

Finalmente, o/a profesor/a fai un resumo final coas conclusións.

COLABORACIÓNS POR PARTE DE AXENTES EXTERNOS:

Concello de Dodro:

- Unha sesión en cada grupo da ESO para traballar o concepto de autoestima, as dimensións da autoestima, como varía a autoestima ao longo da vida, o autocoñecemento...
- Taller de habilidades de comunicación: Unha sesión en cada grupo para traballar a escoita activa, os erros máis comúns nos procesos de comunicación, a importancia da retroalimentación nos procesos comunicativos...



Concello de Padrón: A intervención na aula céntrase nas seguintes liñas:

- Coñecemento, cohesión grupal e confianza (presentación por parellas, tea de araña, bingo, etc, tratando de estreitar lazos e xerando unha boa dinámica na aula).
- Asertividade.
- Comunicación: elementos de comunicación, comunicación verbal e non verbal, estilos (pasivo, agresivo e asertivo), arco de distorsión, escoita activa.
- Traballo cooperativo con dinámicas para poñer en práctica o traballado de cara a integrar unha comunicación interpersonal eficaz.
- Iniciación á resolución de conflitos.

Empregáanse dinámicas como: o teléfono estragado, o rumor, as etiquetas, etc.

ACTIVIDADES INDIVIDUAIS PARA DESENVOLVER NA AULA DE CONVIVENCIA OU DURANTE O PERÍODO DE SUSPENSIÓN DO DEREITO DE ASISTENCIA Á CLASE:

Ver **anexo II**.

5. METODOLOXÍA:

As técnicas pedagóxicas empregadas estarán baseadas na aprendizaxe cooperativa e participativa, na titoría entre iguais, no uso de dinámicas de grupo, no modelado, o diálogo, a reflexión individual e grupal e no reforzamento positivo. Tamén se basearán no adestramento en técnicas para reducir a ansiedade, como a relaxación, e nas estratexias de reestruturación cognitiva, substituíndo as crenzas erróneas por pensamentos racionais no alumnado.

O profesorado debe ter presente que todas aquelas actividades que o alumnado ten que realizar non teñen porque ser feitas en papel, senón que poden empregarse outras técnicas como o debate, o coloquio, a simulación, os dilemas morais, a análise de casos, o role-playing... como situacións máis lúdicas e atractivas para o alumnado.



6. TEMPORALIZACIÓN:

O Programa de Habilidades Sociais desenvolverase no 1º ou 2º trimestre, en función do nivel, do contido e das necesidades detectadas en cada momento.

7. AVALIACIÓN:

As técnicas empregadas na avaliación aplícanse ao longo de tres fases:

- Antes da práctica, durante a práctica e despois da práctica.

Avaliación Inicial: Trataremos de coñecer o nivel de partida a través da análise dos conflitos presentes nos grupos.

Avaliación Formativa: Durante a práctica, para analizar de que maneira se van modificando as condutas do alumnado.

Avaliación Final: Para coñecer os cambios do alumnado en relación co seu comportamento, tanto a nivel condutual, cognitivo como emocional.

Utilizaremos diferentes instrumentos de avaliación: observación participante, un diario de campo, un diario do alumnado e un cuestionario final.

Observación participante. Estará a cargo das persoas responsables do programa que, á vez que participan, observarán as actitudes do alumnado e os feitos que se produzan.

Diario de campo. Estará a cargo das persoas responsables do programa, que deberán levar anotacións en cada sesión, escribindo os feitos máis importantes que se produzan.

Diario do alumnado. Escribirao un alumno ou unha alumna da clase cada día. Nel reflectiranse as impresións do alumnado e as posibles melloras. Contestarán a estas preguntas:

- Que che gustou máis da actividade?
- Que che gustou menos?
- Que farías para melloralala?

Cuestionario final. Aplicarase ao alumnado un pequeno cuestionario, que servirá como información complementaria.



8. IMPLEMENTACIÓN E DIVULGACIÓN DO PROGRAMA:

Trala presentación á CCP, o programa concretarase anualmente no Plan de Orientación en función das necesidades detectadas cada curso académico. Levarase a cabo na ESO contando coa hora semanal de tutoría presencial e coa presenza do/a titor/a e a colaboración da xefa do departamento de orientación, quen ofrecerá asesoramento e recursos, así como a súa participación en actividades puntuais na propia sesión de tutoría. Ademais, contamos coa presenza de axentes externos para o desenvolvemento de actividades concretas e como complemento do traballo propiamente docente, coordinado coa vicedirección do centro.

9. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA:

- Conves.
- Luca de Tena e cols. (2004): Programa de habilidades sociales en la Enseñanza Secundaria Obligatoria. ¿Como puedo favorecer las habilidades sociales en mis alumnos? EdicionesAljibe (Málaga).
- Que me dis de... A comunicación. Caderno de actividades. Nova Galicia Edicións.
- Saber para vivir. Autocontrol. Cadeno de actividades. Nova Galicia Edicións.
- Programa de habilidades sociales para la ESO. Fomento de la cohesión intergrupala.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto de Educación Secundaria Camilo José Cela

Rúa do Carme, 43 . 15900 Padrón (A Coruña)
Tlf 881866240 Cód. Centro: 15012730
Fax 881866242 CIF: Q-6555544-C
ies.camilo.jose.cela@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iescamilojosecela>



ANEXO II

MATERIAS DE TRABAJO EN HABILIDADES SOCIAIS PARA A AULA DE CONVIVENCIA



MATERIAIS PARA O AUTOCONHECIMENTO

ALUMNO/A:

Grupo:

Data:

Hora:

VALORAR O QUE TEMOS

“Hai dúas cousas que debemos procurar na vida: alcanzar os obxectivos (o cal só é posible se estes se coñecen) e gozar adecuadamente do conseguido. Só as persoas que actúan sabiamente logran o segundo”. (A Ilíada, Homero)

1. Cal é a túa opinión?

Qué opinas da frase anterior? Tendo en conta o que se di nela, cres que ti actúas como unha persoa “sabia”? Que pensas facer para mellorar a túa actitude (recorda que estás na Aula de Convivencia)? Reflexiona e contesta aquí a estas cuestións:

2. Estás ou non de acordo?

Inventa frases similares ás que che propoñemos a continuación e, posteriormente, subliña aquelas coas que esteas máis de acordo.

- O enfurruñado que protesta por calquera cousa non só perderá os amigos senón tamén a súa saúde e a súa alegría.
- Só se pode expresar de forma convincente o que se asimilou.
- Un valor inapreciable é saber ver o lado bo das cousas.
- Adoitamos pensar no que nos falta, non no que temos.
- Soamente gozamos do que posuímos cando non nos obsesionan outras cousas.
- Poucas cousas son imprescindibles para vivir con dignidade.

De entre todas elas, escribe aquí a frase que che pode servir de pauta de conduta nos próximos días:



MATERIAIS PARA O AUTOCONHECIMENTO E A AUTOESTIMA

Estas situacións poden desencadear emocións (dependen, polo tanto, do propio individuo) e outras situacións neutras (polo tanto, non desencadean emoción ningunha). Marca dun X cales delas che producen emocións (positivas ou negativas) e cales non.

SITUACIÓNS	PRODÚCECHE EMOCIÓN	
	SI	NON
Que me deixen plantado/a o día dun aniversario.		
Que comece a chover.		
Estar nun exame final.		
Ver un anuncio na televisión.		
Perder o autobús para ir á escola.		
Que os meus pais me castiguen por chegar tarde á casa.		
Que o meu/miña veciño/a me pida sal.		
Que haxa un recoñecemento médico sorpresa no instituto.		
Que me entrara un virus no ordenador.		
Que un/unha compañeiro/a colla as miñas cousas sen o meu permiso.		

Cando se sente unha emoción, o corpo experimenta unha serie de cambios que actúan como sinais e poden axudar a poñerlle nome a esa emoción, decidir se esta é positiva ou negativa, e controlala, se é o caso.

1. Cales son as sensacións ou síntomas físicos que experimenta o teu corpo cando sentes unha emoción negativa coma a tristura, a agresividade ou o medo?

2. Cales son as emocións ou síntomas físicos que experimenta o teu corpo cando sentes unha emoción positiva, coma a lelicia, a felicidade ou a sorpresa?

3. Cal é o feito externo que provocou esa reacción?

4. Como poderías dominar o que sentes? (xa sexa unha emoción positiva ou negativa).



MATERIAIS PARA O AUTOCOÑECEMENTO E AUTOESTIMA

Analiza cada un dos sentimentos e exprésao por escrito. Unha vez finalizado o traballo reflexiona co/coa profesor/a da aula de convivencia sobre o que escribiches.

- Que fago cando estou triste?

- Que fago cando estou enfadado ou enfadada?

- Que fago cando me sinto molesto ou molesta?

- Que fago cando me sinto só / soa?

- Que fago cando me agobio?

- Nesta ocasión enfadeime e actuei da seguinte maneira:

- Non obstante, teríame gustado actuar da seguinte forma:



HABILIDADES DE COMUNICACIÓN

ESCOITA ACTIVA

1. Que queren dicir para ti estas frases?

- Vivimos nun mundo de relacións.
- O éxito nas relacións depende da nosa habilidade para relacionarnos con eficacia.
- É importante recoñecer os nosos estados emocionais e saber canalizar as nosas emocións de forma que non nos afecten negativamente.
- Debemos ser sensibles aos sentimentos e emocións dos demais.

2. Que opinas deste texto?

Cando che pido que me escoites e empezas a darme consellos non fas o que che pido. Cando che pido que me escoites e ti sentes que tes que facer algo para solucionar o meu problema, estasme fallando por estraño que che pareza. Cando che pido que me escoites e empezas a dicirme por que non debería sentirme desa maneira, estás meténdote cos meus sentimentos.

Polo tanto, cando che pido que me escoites, só quero que esteas calado, que non trates de arranxar os meus problemas. Tan só desexo que me escoites e confíes en que eu os saberei amañar só /soa. Polo tanto, por favor, só escoita e escoita. Se ti queres falar espera uns minutos a que chegue a teu momento e prométoche que te escoitarei.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto de Educación Secundaria Camilo José Cela

Rúa do Carme, 43 . 15900 Padrón (A Coruña)
Tlf 881866240 Cód. Centro: 15012730
Fax 881866242 CIF: Q-6555544-C
ies.camilo.jose.cela@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iescamilojosecela>



HABILIDADES DE COMUNICACIÓN

ESCOITA ACTIVA











Contesta as seguintes preguntas sobre a escoita activa.

1. Como valoras a túa capacidade para escoitar a outros?
2. Como valora a túa familia a túa capacidade para escoitalos?
3. Como valoran os teus amigos ou as túas amigas a túa capacidade para escoitalos/as?
4. Practicamos a escoita activa cando, ante unha mensaxe, o emisor expresa o que entendeu do dito, destacando o sentimento que hai detrás da mensaxe. A escoita activa é o resultado das seguintes técnicas: **amosar interese, clarificar, parafrasear, reflectir e resumir**. Ademais para poder practicar a escoita activa debemos ter en conta algúns aspectos:
 - Saber poñernos no lugar da outra persoa para poder comprender o que di e o que sente.
 - Falar cun ton de voz suave.
 - Expresión facial e xestos acolledores.
 - Establecer contacto visual.
 - Ter unha postura corporal receptiva.
5. Como poderías mellorar a túa capacidade para escoitar a outros?



HABILIDADES DE COMUNICACIÓN NON VERBAL

Identifica cal é o estado emocional que presentas neste momento e reflexiona co teu profesor ou coa túa profesora:

<p>ALEGRE</p> 	<p>ENFADADO/A</p> 
<p>NERVIOSO/A</p> 	<p>SORPRENDIDO/A</p> 
<p>TRISTE</p> 	<p>ABURRIDO/A</p> 
<p>PREOCUPADO/A</p> 	<p>CANSADO/A</p> 
<p>DISTRAÍDO/A</p> 	<p>AVERGONZADO/A</p> 



DISTORSIÓNS COGNITIVAS

Ás veces, as nosas expectativas non son realistas e isto é debido a que en moitas ocasións cometemos erros de pensamento ao vernos a nós mesmos de forma equivocada. Algúns destes erros cognitivos son:

Sentirse sempre en situación de exame

- Sénteste ti en situación de exame? _____
- Cres que todo o mundo está pendente de ti para berrarche ou reprenderte cando te equivocas? _____

DEBES SABER QUE OS DEMAIS NOS ACEPTAN COMO SOMOS E QUE NON ESTÁN XULGÁNDONOS CONTINUAMENTE.

- Das cousas que che pasan só recordas o negativo? _____

Selección arbitraria

DEBES SABER QUE TODO O QUE NOS PASA NA VIDA TEN AS SÚAS COUSAS POSITIVAS E A SÚAS COUSAS NEGATIVAS, E SE SE QUERE, INCLUSO AO

MÁIS NEGATIVO SE LLE PODE ATOPAR ASPECTOS POSITIVOS.

Escribe unha historia real que che pasara e que fose moi negativa. Logo, intenta sacar algo de positivo da mesma.



O POSITIVO É:

Personalización

- Cúlpaste de case todo o que pasa? _____
- Hai persoas que se culpan de todo o que pasa, por exemplo: se rouban as cousas da mochila,

pensaría: se non a deixara aquí a vista de todos isto non pasaría.

DEBES SABER QUE SÓ DEBES CULPABILIZARTE DAQUELES FEITOS QUE SON DA TÚA ESTRITA RESPONSABILIDADE.

Escribe todas aquelas cousas das que pensas que es responsable.

- Ti es dos que pensan que as cousas “ou están ben ou están mal”, es dos de “ou todo ou nada”, es dos de “ou branco ou negro”? _____

Razoamento dicotómico

DEBES SABER QUE NA VIDA AS COUSAS SON MÁIS RELATIVAS E HAI QUE ADOPTAR PUNTOS DE VISTA MÁIS FLEXIBLES.

Contesta con: de acordo / non de acordo.

Pensarías ti así nestas situacións?	De acordo / non de acordo
Esta comida nin probala.	
O que é culpable de algo, ten que pagalo.	
Non lle perdoarei ata que non mo pida.	
Esa roupa non a poño aínda que me “maten”.	
Ou están comigo ou están na miña contra.	
Mentíume e non ten perdón.	



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto de Educación Secundaria Camilo José Cela

Rúa do Carme, 43 . 15900 Padrón (A Coruña)
Tlf 881866240 Cód. Centro: 15012730
Fax 881866242 CIF: Q-6555544-C
ies.camilo.jose.cela@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iescamilojosecela>



HABILIDADES NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS INTERPERSOAIS

FICHA DE REFLEXIÓN PERSOAL:

NOME:

GRUPO:

DATA:

1. Relata o acontecido.
2. En que pensas que fallaches nesa situación?
3. En que pensas que fallou a outra parte?
4. Se volvese pasar o mesmo, como actuarías?
5. Como podes facer para resolver este problema? Escribe a que te comprometes.
6. Que actuacións se están a levar a cabo dende o centro para dotarvos de estratexias de resolución de conflitos (titorías, axentes externos, departamento de orientación...).
7. Fai un breve comentario persoal con esta expresión: “Non é nin posible nin obrigatorio ser amig@ de tod@s, pero si ser tolerante con tod@s”.
8. Como poden as novas tecnoloxías afectar negativamente á vosa convivencia? Que precaucións debemos seguir no seu uso?



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto de Educación Secundaria Camilo José Cela

Rúa do Carme, 43 . 15900 Padrón (A Coruña)
Tlf 881866240 Cód. Centro: 15012730
Fax 881866242 CIF: Q-6555544-C
ies.camilo.jose.cela@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iescamilojosecela>



HABILIDADES NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS INTERPERSOAIS

ESTUDO DE CASOS: JUAN E CARLOS

Es Carlos, sempre fuches protagonista na clase, adoitas caerlle ben a todo o mundo, sacas boas notas e a túa forma de destacar na clase e no centro é a túa actitude de persoa segura de si mesma e contestona.

Sempre intentas dar a túa opinión e levar a razón. Ultimamente tes problemas con outro compañeiro da clase, que cres que intenta ser o protagonista porque se cre moi guapo e agradable, pero o único que lle pasa é que che ten envexa porque es amigo de todo o mundo.

A última vez, encontráronvos dándovos puñetazos un ao outro, a profesora que se encontraba no patio levouvos á xefatura de estudos onde vos comentaron a posibilidade de resolver o conflito a través do equipo de mediación como alternativa a medidas disciplinarias por incumprir a normativa do centro educativo.

Responde as seguintes cuestións:

1. Identifica o problema e as causas.
2. Como cres que se sente a outra parte?
3. Como te sentiches ti?
4. Que alternativas de solución propós para que non volva acontecer?



ASERTIVIDADE

Le a seguinte información sobre a forma en que as persoas nos enfrentamos aos problemas:

CONDUTA PASIVA	CONDUTA AGRESIVA	CONDUTA ASERTIVA
<ul style="list-style-type: none"> Fala pouco, vacila e usa retrosos. Amosa inseguridade no que fai e di. Queixase a terceiras persoas. Séntese “víctima”, evita molestar ou ofender. Son persoas “sacrificadas”. Constante sensación de ser incomprendido/a, manipulado/a, non tido en conta. 	<ul style="list-style-type: none"> Fala en voz alta, de xeito contundente. Só importa o que eu penso, e sitúase en termos de gañar ou perder. Séntese frustrado, incomprendido e estende o seu enfado a máis persoas e situacións. Forza aos demais a ser hostís e así aumentar máis a súa agresividade. 	<ul style="list-style-type: none"> Fala de modo fluído, non desafiante. Trata con respecto aos demais e exprésase con claridade. Non se sente inferior nin superior aos demais, séntese satisfeito coas relacións cos demais. Frea ou desarma á persoa que a ataca, aclara equívocos, séntese respectada e valorada.

Propón unha solución de cada un dos tres tipos para as seguintes situacións:

Situación 1: Acabas de cear e estás vendo a TV. A túa nai pídeche por favor que recollas a mesa e baixes o lixo. Non obstante, sabes que non che toca facer esa tarefa porque o acordo establecido era facelo na fin de semana, e hoxe é martes. Por iso, non che toca recoller nada nin baixar nada.

Solución A (conduta pasiva):

Solución B (conduta agresiva):

Solución C (conduta asertiva):



Situación 2: Saes ao patio do colexio e observas que o teu grupo de amigos/as non quere estar contigo. Acércase un amigo e de esguello diche que Roberto, un bo amigo teu, di que rompiches un pacto que tiñades no grupo: revelaches un segredo bastante íntimo. Es un chivato e un bocalán. Sabes que non é certo.

Solución A (conduta pasiva):

Solución B (conduta agresiva):

Solución C (conduta asertiva):

Situación 3: Acabas de estrear uns zapatos novos. Gústanche moito e sentes que vas á última moda. Algúns compañeiros do colexio decatáronse do asunto. Acércanse a ti en distintos momentos e “sen querer” pisan e manchan os teus zapatos.

Solución A (conduta pasiva):

Solución B (conduta agresiva):

Solución C (conduta asertiva):



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto de Educación Secundaria Camilo José Cela

Rúa do Carme, 43 . 15900 Padrón (A Coruña)
Tlf 881866240 Cód. Centro: 15012730
Fax 881866242 CIF: Q-6555544-C
ies.camilo.jose.cela@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iescamilojosecela>



ADESTRAMENTO EN HABILIDADES CONCRETAS

SABER DEFENDER OS PROPIOS DEREITOS:

APRENDER A FACER ELOXIOS:

Imaxina que un/unha amigo/a sacou unhas notas moi boas (ou que gañou un premio nun concurso literario, deportivo, etc.). Pensa en como o/a felicitarías e na expresión da túa cara ao facelo (debe estar en concordancia coas palabras que lle dirías).

- Quen foi o amigo/a que sacou boas notas ou que gañou un premio:

- Que lle dirías?

- Como sería a expresión da túa cara?

SABER NEGOCIAR:



ANÁLISE DE VALORES

Que valoras realmente na túa vida? Hoxe vas pintar un cadro. Nel debería verse como che gustaría ser e verte dentro de 2 anos.

O máis importante non é que o cadro sexa bonito, senón que o que pintes che axude a ver que é o que de verdade che interesa na vida. Procura responder no teu debuxo ás seguintes preguntas: Como queredías vestir? Que queredías facer? Que queredías dicir? Onde queredías vivir? Con quen queredías estar? De que cousas te rodearías? Como pasarías o teu tempo libre? Que traballo queredías ter?...

Finalmente, escribe no teu debuxo un par de frases que o represente. Por exemplo, podes escribir: “Gustaríame ser inventora e inventar moitos medios de transporte que funcionaran con outras fontes de enerxía”. “Quixera viaxar a África, traballar alí como doutora e coidaría da xente que o está pasando mal”...

Reflexiona e responde:

- Cales son os 5 valores máis importantes na miña vida?

- Ordena os teus valores por orde de preferencia.

- Se o meu soño se realizara como me sentiría?

- Cales son as vantaxes e desvantaxes desta vida soñada?

- Estou facendo na miña vida o posible para cumprir este soño?



TOLERANCIA E RESPECTO ÁS DIFERENZAS

Imaxina as seguintes situacións:

- Es o máis alto da clase e por iso che chaman “A XIRAFÁ”.
 - Es baixo e, para fastidiarte, dinche “O ANANO”.
 - Como non che gusta case nada o deporte nin a actividade física adóitanche dicir “O ATLÉTICO”.
 - Tes problemas de vista e dinche “O DA ONCE” E “O CEGO”.
 - Tes bastantes dificultades para aprender e chámanche “O LISTO”.
 - Para burlarse dese defecto físico que tanto che incomoda chámanche “ O GUAPO”.
 - Non che gusta nada ler e moi pouco estudar e pásano moi ben chamándoche “O INTELLECTUAL”.
 - Por ser moi serio e pola túa expresión facial, chámanche “O SIMPÁTICO”.
 - Cústache bastante manifestar as túas emocións e dinche “O CARIÑOSO”.
1. Se a ti che dixeran, como alcume (*indica un dos alcumes que aparecen na parte superior*), sentiríaste porque:

2. Como cres que debemos comportarnos con aqueles/as compañeiros/as que teñen unha forma especial de ser, ou incluso algún defecto, para que non se sintan incómodos?

3. É probable que ti tamén teñas algún defecto ou algunha carencia que os teus compañeiros ou as túas compañeiras non descubriron. Se nalgún momento fose descuberto por eles, gustaríache que...



4. Que pode ocorrer cando a forma de ser ou os defectos que ten unha persoa son motivo de risa, de bromas pesadas ou de comentarios desagradables?

5. Cal é a forma correcta de comportarse ante os defectos e as diferenzas dos compañeiros/as? Por que?

6. Fai un comentario persoal sobre a seguinte afirmación: “O feito de que todos sexamos distintos pode contribuír a facer máis interesante, entretida e rica a convivencia”.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto de Educación Secundaria Camilo José Cela

Rúa do Carme, 43 . 15900 Padrón (A Coruña)
 Tlf 881866240 Cód. Centro: 15012730
 Fax 881866242 CIF: Q-6555544-C
 ies.camilo.jose.cela@edu.xunta.es
 http://centros.edu.xunta.es/iescamilojosecela



ANEXO III. AUTORIZACIÓN PARA A INCORPORACIÓN Á AULA DE CONVIVENCIA

D. / Dna., responsable legal do/a alumno/a

Foi informado/a por escrito con data _____ da corrección imposta ao / á alumno/a baixo a miña responsabilidade e acepta que parte da devandita corrección se desenvolva a través das actividades que o profesorado e/ou o Departamento de Orientación deseñen, baixo a supervisión e coordinación da Xefatura de Estudos do centro.

Polo tanto,

AUTORIZO a incorporación á aula de convivencia do IES Camilo José Cela do/a alumno /a, nos seguintes períodos lectivos:

Padrón, a de de 20.....

Asinado,

D. / Dna.



ANEXO IV. AULA DE CONVIVENCIA – ESPAZO DE TRABALO
NOTIFICACIÓN DE EXPULSIÓN – SOLICITUDE DE MATERIAL
CURRICULAR

O/A alumno/a

cumprirá a corrección polas súas condutas contrarias ás normas, os días
, polo que solicito o material curricular correspondente
 canto antes sexa posible.

Atentamente,

A XEFATURA DE ESTUDOS

MATERIA:
 TAREFAS:

MATERIA:
 TAREFAS:

MATERIA:
 TAREFAS:

MATERIA:
 TAREFAS:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto de Educación Secundaria Camilo José Cela

Rúa do Carme, 43 . 15900 Padrón (A Coruña)
 Tlf 881866240 Cód. Centro: 15012730
 Fax 881866242 CIF: Q-6555544-C
 ies.camilo.jose.cela@edu.xunta.es
 http://centros.edu.xunta.es/iescamilojosecela



**ANEXO V. INFORME DA ACTITUDE DO ALUMNO/A DURANTE A
 EXPULSIÓN Á AULA DE CONVIVENCIA**

Nome do alumno/a:

Data de expulsión:

Sesión	Tarefas realizadas	Actitude do alumno/a
1 ^a		
2 ^a		
3 ^a		
4 ^a		
5 ^a		
6 ^a		
7 ^a		
8 ^a		

- GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN -



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto de Educación Secundaria Camilo José Cela

Rúa do Carme, 43. 15900 Padrón (A Coruña)
 Tlf 881866240 Cód. Centro: 15012730
 Fax 881866242 CIF: Q-655544-C
 ies.camilo.jose.cela@edu.xunta.es
 http://centros.edu.xunta.es/iescamilojosecela



ANEXO VI. Indicadores de logro para avaliar o Plan de Convivencia do IES Camilo José Cela

INDICADORES	NIVEIS DE LOGRO			OBSERVACIÓNS
	Alto	Medio	Baixo	
■ A diagnose da convivencia é axeitada e responde á realidade do centro.				
■ Cumpríronse os obxectivos propostos.				
■ Os mecanismos de coordinación e colaboración funcionan axeitadamente.				
■ Hai unha periodicidade axeitada das reunións da comisión.				
■ Traballouse a convivencia na hora de tutoría.				
■ As actuacións propostas son suficientes e están ben deseñadas.				
■ A temporalización das actuacións propostas cúmprese en xeral.				
■ As normas de convivencia aplícanse segundo o establecido.				
■ Déronse a coñecer as normas de convivencia e as correccións entre a comunidade educativa.				
■ As normas de convivencia son racionais e equilibradas.				
■ O protocolo para a prevención e detección do acoso escolar é útil e está ben deseñado.				
■ O plan de acollida para o alumnado é efectivo.				
■ O plan de acollida para o profesorado é efectivo.				
■ O servizo de mediación é efectivo na solución de conflitos.				
■ Os mediadores e as mediadoras cumpren o perfil e asumen funcións e responsabilidades.				
■ O programa de adquisición de habilidades e competencias sociais está ben deseñado.				
■ As actividades e dinámicas para o desenvolvemento das habilidades sociais son atractivas e funcionais.				
■ As actividades propostas para a aula de convivencia son interesantes e efectivas para o alumnado.				
■ A aula de convivencia inclusiva cumpre a súa función.				
■ O espazo da aula de convivencia adáptase ás necesidades.				